



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Caparrini Marin, Natalia
Cuiñas Gómez, Íñigo
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Iñigo Javier
Romo Pérez, Vicente
Tellado González, Fernando
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Castro Cerceda M^a Luisa
García Fontán Soledad
García-Pintos Escuder Adela
González Santamaría Pedro
Meana Martínez Juan Carlos
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Díaz Casaleiro, Tomás
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
Rivera González, Paula
Rodríguez Varela, Diego
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Costas González, Xosé Henrique
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, Mar
Gómez Fraiz, Santiago
Llamas Nistal, Martín
Pérez Cota, Manuel
Pou Saracho, Juan
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Seoane Posse, Elena
Vallejo Pousa, Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de xullo de 2016, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **22 de xullo de 2016** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de xuño de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
4. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos.
5. Aprobación, se procede, da proposta de transferencia de crédito de Gastos de Capital a Gastos Correntes no orzamento do 2016 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
6. Aprobación, se procede, da Convocatoria de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de Universidade e profesorado contratado doutor no ano 2016 na Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, das propostas de modificación de títulos de grao, máster universitario e doutoramento.
8. Aprobación, se procede, da normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao.
9. Aprobación, se procede, das memorias de Programas Conxuntos de Estudos Oficiais de Grao: ADE-Dereito e ADE- Informática.
10. Aprobación, se procede, da modificación do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos pola incorporación da área de coñecemento de Enxeñaría Aeroespacial.
11. Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo, convocatoria 2016.
12. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor, convocatoria 2016.
13. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015.
14. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015.
15. Aprobación, se procede, da convocatoria dunha liña de incentivos para a implantación de plans de internacionalización nos centros.

16. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición interposto polo director do Departamento de Enxeñaría Eléctrica contra o acordo do Consello de Goberno do 15/04/2016, onde se aproba a programación docente anual (PDA) do curso 2016/2017.
17. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.
18. Aprobación, se procede, da aceptación pola Universidade de Vigo da cesión polo Consorcio da Zona Franca de Vigo dos dereitos de superficie sobre dúas fincas na antiga sede da ETEA.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Uberlândia* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Uberlândia* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Golfo de México/Rectoría Centro* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Golfo de México /Rectoría Centro (Mexico)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a *Universidad Autónoma del Estado de Morelos, México* e a Universidade de Vigo.
20. Rogos e preguntas.

Abre a sesión o reitor dando lectura aos nomes dos membros do Consello de Goberno que xustifican a súa ausencia desta sesión. Indica tamén que diversas persoas solicitaron seren invitadas para participar con voz e sen voto, ao comezo de cada un dos puntos informárase ao respecto.

Dá conta tamén da modificación realizada na convocatoria inicialmente enviada, á que se incorporou o punto 18: “*Aprobación, se procede, da aceptación pola Universidade de Vigo da cesión polo Consorcio da Zona Franca de Vigo dos dereitos de superficie sobre dúas fincas na antiga sede da ETEA*”. Este punto introduciuse para poder facer efectiva a cesión dos dereitos de superficie á Universidade, unha vez que se aprobe na próxima sesión do Pleno do Consorcio, xa que no que tivo lugar onte non foi incluído.

O representante sindical da CIG, Sr. Federico Fernández desexa formular unha cuestión de orde: solicita a retirada dos puntos 3 e 4 da orde do día porque xunto coa documentación achegada non consta o informe negativo emitido polo Comité de Empresa de Pontevedra de PAS e pola Xunta de Persoal de PAS. Alega que a ausencia de dita documentación non permite a correcta valoración da proposta presentada. Dá lectura ao texto que se achega como **Anexo I** a este acta.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro para manifestar o seu apoio ao expresado polo delegado da CIG, e reitera a solicitude de retirada dos puntos 3 e 4 da orde do día, tras dun proceso de negociación que cualifica de nefasto.

Intervén o representante do alumnado, Sr. Ernesto Vázquez-Rey, que fai constar o seu apoio á solicitude de retirada dos puntos relativos á RPT, sen entrar en consideracións sobre o fondo da cuestión, porque considera que a falta de acordo na aprobación da RPT acabará afectando ao estudantado.

O representante sindical da UXT, Sr. Bienvenido Diez, apoia o obxectivo polos outros representantes e adhírese á solicitude de retirada dos puntos da orde do día.

Expón o reitor que, tendo en conta a súa responsabilidade neste proceso, convida a que todas as cuestións que foron expostas sexan aportadas ao debate diante deste Consello de Goberno. Considera que este debate ten que levarse a cabo hoxe, de non ser así, xa non haberá outra posibilidade, debido á normativa e aos prazos establecidos pola Xunta de Galicia, que finalizan o 30 de xullo. Insta a que se debata, que se presenten as argumentacións a este Consello de Goberno e se sometan á súa consideración. Indica o reitor que a Xerencia intentou plasmar as ideas e obxectivos do Equipo de Goberno, agora corresponde aos membros do CG valorar se eses obxectivos se cumpren, e insta a que se presenten as diversas posicións e se debatan, para que o CG poda tomar unha decisión.

Dá comezo aos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de xuño de 2016.

Indica o reitor que non se presentaron alegacións a acta. A secretaria xeral intervén para explicar que antes do comezo da sesión veñen de indicar a necesidade de corrección dun erro no apelido dun representante de estudantes. Sr. Vázquez-Rey.

Ao non haber outras alegacións, apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

Antes de comezar propiamente o seu informe, o reitor lamenta o falecemento de D. Agustín Fernández Paz, o día 12 de xullo. Lembra que ademais de ser un dos escritores máis recoñecidos no ámbito da literatura infantil e xuvenil galega e internacional e ardente defensor da nosa lingua, fora nomeado, no ano 2013, doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Noutra orde de cousas felicita a Dna. Belén Rubio que ven de ser reelixida como decana da Facultade de CC do Mar.

A continuación, pasa a informar da actividade desenvolvida neste tempo dende o anterior Consello de Goberno.

Destaca que tivo lugar a cuarta reunión do padroado do Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, Cinae, na que se estableceron diversas iniciativas que permitirán potenciar a colaboración público-privada dentro do polo aeroespacial de Galicia. Entre elas, a participación en convocatorias de proxectos de investigación, tanto a nivel autonómico como nacional e europeo. Para poder participar nestas convocatorias, aprobouse a adscrición ao Cinae do Grupo de Investigación de Xeotecnoloxías Aplicadas, liderado polo profesor Pedro Arias. Na medida en que se vaian concretando proxectos irase levando a cabo a colaboración de novos investigadores

Informa tamén da celebración o día 13 de xullo, do padroado do Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-norte de Portugal, no que foi nomeado presidente en substitución do reitor da Universidade de Minho, António M. Cunha, para esta etapa.

En relación coa situación da cesión de uso dos terreos da ETEA, que estaba incluído como punto 18 da orde do día, comenta que no pleno do Consorcio da Zona Franca celebrado o día de onte, non se produciu un acordo en relación cos orzamentos do Consorcio e, polo tanto, o procedemento que estaba previsto para a cesión dos terreos que dependía deles, queda en suspenso. Indica que, segundo lle informou o presidente do Consorcio, o seguinte pleno terá lugar, previsiblemente a mediados de agosto. Subliña que a maioría dos representantes do Pleno apoian o proxecto para o Campus do Mar da UVigo.

Continúa informando de que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ven de aprobar o Real Decreto polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar, así como a contía das bolsas e axudas ao estudo. As modificacións máis importantes dese real decreto, explica, recollen os acordos tomados na CRUE: así, facilítase a concesión de beca nos casos de cambios de estudos universitarios cursados total ou parcialmente cunha bolsa, solucionando unha reclamación que se formulou dende a nosa Universidade, e que prexudicou a estudantes brillantes que estudaban grazas a unha bolsa cando se cambiaban de titulación. Tamén, atendeuse a preocupación dos estudantes do medio rural que temían unha posible perda do dereito á obtención da bolsa, como consecuencia dos cambios de valoración catastral de construcións tales como almacéns, naves, celeiros, etc., edificadas en leiras rústicas. O decreto recolle unha adaptación nos límites de patrimonio familiar, ao novo valor catastral destas denominadas “construcións indispensables”. Non obstante, o reitor reitera que, a pesar destas melloras, a Universidade de Vigo e a CRUE seguen estando en contra do decreto de bolsas pola imposición dunha nota mínima para a obtención das mesmas, xa que as bolsas deben ser unha axuda social.

Dá conta tamén de que o 19 de xullo o secretario xeral de Universidades reuniuse cos vicerreitores de estudantes para dar información sobre a proba de avaliación de bacharelato e avanzar detalles sobre o Real decreto que regulará ditas probas, así como o acceso á Universidade a partir do 2017. Anunciou

modificacións sobre o borrador co que se traballaba nas últimas semanas e que se apartaba do acordado entre os representantes da CRUE e o Ministerio. O reitor manifesta a súa preocupación, porque parece volverse á centralización das probas no que respecta ao deseño e contidos, e non queda claro o papel e a participación das universidades nas mesmas, nin sequera o grado de autonomía dos distintos distritos universitarios na súa elaboración. O secretario xeral anuncia a publicación do RD para finais deste mes e atrasa unha vez máis a publicación das especificacións da proba ata o 30 de novembro, polo que as universidades vémonos na situación de non poder tomar decisións sobre o proceso de admisión en 2017 ao non ter certeza que se garante a igualdade de oportunidades. Doutra banda, quedan serias dúbidas sen resolver que o secretario de Estado non soubo contestar.

Ante esta situación os VR acordan: que as universidades seguirán intentando que a EFB se poida utilizar para a admisión, e evitar probas de admisión sectoriais que farían que os alumnos de segundo de Bacharelato tivesen que examinarse tres veces consecutivas; que habería recoñecemento mutuo de devanditas probas; e que durante o 2017 intentaríanse manter ponderacións similares ás actuais (de xeito amplo) para tratar de que os estudantes de Bacharelato saísen o menos prexudicados posible ante esta situación de incerteza.

Polo tanto, finaliza o reitor, mentres esta situación de inseguridade non se reconduza, tentaremos chegar a un acordo coa Xunta para sacar a táboa de ponderación para as materias específicas, de xeito que os estudantes de segundo de Bacharelato poidan escoller razoablemente na matrícula de setembro.

3. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

Informa o Reitor de que, en relación cos puntos 3 e 4 da orde do día, solicitaron intervir:

1. Xan Cebro (Como presidente Xunta PAS-F)
2. María José Ríos Santomé (Como secretaria Xunta PAS-F)

Explica que ambos foron invitados en virtude dos cargos que ostentan na representación do PAS e

3. Horacio Antonio Vilhar Suárez (PAS)

Aceptouse a súa solicitude, e foi invitado co ánimo de que estean representadas as distintas correntes de opinión do sector PAS.

O reitor cede a palabra inicialmente ao vicerreitor de Economía e Planificación, para que realice unha presentación inicial, e posteriormente ao xerente. Despois terán a palabra os representantes sindicais, na orde que estimen oportuna e, trala réplica, abrírase unha rolda de intervencións para que participen os membros do Consello de Goberno.

O Sr. Xan Cebro indica que en primeiro lugar quere intervir como membro do Consello de Goberno. Responde o reitor que o deixa ao seu criterio.

O vicerreitor de Economía e Planificación procede a enunciar brevemente os motivos que levaron a este Equipo de Goberno a desenvolver un proceso de elaboración dunha nova RPT, tanto de persoal laboral como funcionario, polo que a explicación será válida tanto para o punto tres como o catro. Destaca que a proposta dunha nova relación de posto de traballo é un exercicio de responsabilidade deste Equipo de Goberno, que non evita a controversia que este tema produce. Lembra que as actuais RPTs datan do curso 1999-2000, resultando obvio que as necesidades e as funcións a desenvolver pola institución mudaron de maneira substancial nestes dezaseis anos.

Estanse a poñer en marcha novas instalacións e dotacións científicas que precisan apoio en servizos e apoio administrativo, pero sobre todo, destaca o vicerreitor, nas escolas e facultades xurdiron novas actividades, novas funcións que antes non existían ou eran incipientes: como é a xestión de prácticas extracurriculares ou curriculares, a xestión da mobilidade estudiantil, maior número de estudantes de posgrao e, de xeito especial, a acreditación de títulos. Salienta o vicerreitor, que para levar a cabo todas estas funcións non existe unha estrutura administrativa e de servizos axeitada.

Ao mesmo tempo, prosigue, neste tempo producíronse cambios normativos que foron trasladando responsabilidades que estaban inicialmente nos departamentos cara aos grupos de investigación, aos servizos centrais, e sobre todo, cara ás Escolas e Facultades.

Trátase de buscar unha mellor utilización dos recursos para dar resposta ás novas necesidades e afrontar os retos de futuro que se formula a Institución. Con esta idea, o Equipo de Goberno encárgalle á Xerencia que, dentro dos límites legais e económicos aos que estamos suxeitos, desenvolva unha proposta de relación de postos de traballo negociada cos representantes dos traballadores, aplicando criterios de asignación de efectivos obxectivos e homoxéneos a todo o conxunto da Universidade. Despois de dezaioito meses de negociación, con máis de vinte mesas de negociación en cada un dos ámbitos, é o momento de someter as propostas da Xerencia á aprobación do Consello de Goberno.

Explica o vicerreitor que, de non ser agora, xa non poderá ser nos vindeiros tres ou catro anos. Considera que, en primeiro lugar, este é o momento administrativo porque anualmente a Universidade está obrigada a remitir á Consellería de Facenda, antes do trinta e un de xullo, as previsións de modificación de masa salarial cara ao exercicio económico seguinte, polo tanto, nesa remisión de información deberían incluírse xa as modificacións que se derivan desta proposta. En segundo lugar, é o momento económico, xa que despois duns últimos anos nos que se conseguiu equilibrar a situación económica da Institución, temos capacidade suficiente para absorber o incremento de gasto consolidado que supón esta nova relación de postos de traballo. E en terceiro lugar, considera que estamos no momento político porque o goberno que se conforme a nivel de estado vai ter que tomar de novo, desgraciadamente, medidas de redución do gasto público para corrixir a situación de déficit excesivo, como presionan xa as autoridades europeas. A nivel de Galicia, estamos en plena campaña electoral, o que fai agardar maior tendencia do goberno a aceptar propostas de incremento de gasto consolidado. Todos estes motivos levaron ao Equipo de Goberno a presentar estas propostas de RPTs que, conxuntamente e de maneira moi resumida se concretan en que se crean 48 novos postos de traballo consolidados e supoñen un incremento de gastos de persoal de 1,6 millóns de euros en relación coas actuais.

Continúa expoñendo que a proposta da Xerencia supón unha significativa posibilidade de promoción e de carreira profesional para un número moi importante de traballadores e, finalmente, abre a posibilidade de funcionarización para o persoal laboral que, de maneira voluntaria, así o desexe e que responde a unha reivindicación xa histórica de unha parte significativa dese persoal.

Finaliza o vicerreitor, poñendo de manifesto a intención do Equipo de Goberno, que debería ser recollida polos seguintes, de desenquistar o proceso de negociación e formulación das relacións dos postos de traballo. Estima que unha parte importante do problema que se enfrenta hoxe deriva de non ter modificado a RPT dende hai dezaseis anos; considera que as revisións e actualizacións das relacións de postos de traballos deberían realizarse en períodos de dous ou tres anos. Períodos que permitirían as correccións de erros que se poidan cometer, desdramatizando o que poida ser o resultado final dunha proposta como esta. Indica, para rematar, que na comisión de Planificación e Asuntos Económicos esta proposta foi informada favorablemente por maioría.

O Sr. Cebro desexa intervir para replicar a algunhas cousas ditas polo vicerreitor. Lémbrralle o reitor que non se trata dun debate, polo que deberá agardar á súa rolda para facer todos os comentarios que desexe.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen comeza referíndose á proposta de RPT para o persoal de servizos funcionario, coa axuda dunha proxección (**Anexo II**). Ao igual que o vicerreitor, fai fincapé en que o groso da relación de postos de traballos actual procede do ano 1999-2000, e aínda de datas anteriores nos campus de Ourense e Pontevedra. Incide nos cambios experimentados pola Institución neses anos e na necesidade de que o persoal de administración e servizos se adapte a eses cambios e dar resposta aos retos da organización. A nova relación de postos de traballo responde as necesidades de:

- Actualizar unha organización deseñada nun contexto diferente (ano 2000 e 1990)
- Preparar a organización para atender mellor as necesidades actuais e futuras nun contexto esixente e en continua transformación
- Poñer en valor os recursos propios e reforzar aqueles servizos necesarios.

Considerase tamén que tratándose dunha universidade pública a provisión de servizos debe facerse con persoal propio, que dea resposta áxil ás necesidades da Universidade.

Lembra a continuación os cambios legislativos que aconteceron neses anos, dende a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e os requisitos de aseguramento da calidade, ata as exixentes medidas derivadas das políticas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira impulsadas polo Goberno.

Destaca tamén o xerente outros cambios producidos, como a evolución das novas tecnoloxías, con grandes cambios nos aplicativos informáticos; a crecente aposta da Universidade pola investigación e a transferencia, así como pola internacionalización e a mobilidade, todo isto nun escenario de crecente participación en procesos cooperativos, situacións que afectan ao conxunto dos membros da comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS. Por outra banda, as esixencias de transparencia e rigorosidade na xestión económico-administrativa, obrigan a altos niveis de rendemento de contas, caso do que acontece cos proxectos de investigación e transferencia.

Explica que coa reforma que se propón preténdese desenvolver unha organización transversal, homoxénea e eficaz, que debe responder aos mesmos criterios en toda a Universidade. Tamén se pretende xerar e consolidar os postos de traballo que son necesarios e estruturais e, por outra parte, preténdese respectar a legalidade que ten que ser de aplicación en todo o proceso negociador, polo que tentouse levar de xeito escrupuloso.

O xerente realiza un resumo do proceso negociador que, no que respecta ao PAS funcionario, estendeuse durante dezaoto meses, dende xaneiro de 2015 ata xuño de 2016, período no que se realizaron vinte reunións nas que ambas partes fixeron propostas, contrapropostas, presentaron documentos e explicaron e defenderon as súas posicións, debaténdoas. Ao longo da negociación, a Xerencia presentou a veces por iniciativa propia e outros respondendo a pedimentos concretos da Xunta de PAS, información, datos e documentos. Tamén dende o principio decidiuse que todo o procedemento fora de público coñecemento, polo que as actas das reunións foron publicadas na páxina web da Universidade para o coñecemento de toda a comunidade e especialmente do PAS funcionario.

A continuación o xerente pasa a describir a o modelo organizativo actual. Dito modelo vixente dende o ano 2000 no campus de Vigo baséase nunha estrutura por ámbito, no que hai unha administradora ou administrador, un área de xestión económica e un área de xestión académica. Ademais, existe unha estrutura transversal integrada polos negociados de asuntos xerais, en cada centro académico, e as secretarías de departamentos.

Nos campus de Ourense e Pontevedra non se modificou a súa estrutura na RPT do 2000, polo que practicamente é a mesma que dende a creación desta Universidade, agás a existencia de dous administradores ou administradoras e a área de servizos a comunidade, creados no ano 2000. Por iso, a estrutura administrativa continúa baseándose nos centros, integrada por unha xefatura de administración (académica), un negociado de asuntos económicos (chamado aínda responsable), unha secretaria de decanato ou dirección e un ou dous postos base.

Resulta evidente que hai unha disimilitude entre o funcionamento do Campus de Vigo e dos outros dous campus da Universidade, que resulta disfuncional en moitos aspectos. Este é un dos aspectos que se queren solucionar.

Así a proposta que se formulou, prosigue o xerente, pretende dar resposta ás necesidades actuais e futuras da Universidade e homoxeneizar os tres campus. Considerouse que todos os campus e todos os ámbitos deben ter o mesmo fío organizativo, que debe respectar aquelas áreas que xa están funcionando como as de apoio á xestión económica, que están traballando no Campus de Vigo e que perfectamente se poden estender aos campus de Pontevedra e Ourense. Tamén considera que as áreas de xestión académica deben potenciarse, establecendo unha área específica para estudos de grao e outra para atender os estudos de mestrado e doutoramento, diferenciación que se ven facendo dende fai anos a nivel de convocatorias de matrícula.

Nesta formulación pode haber opinións diferentes, que se procuraron recadar neste proceso, no que se intentou manter un amplo diálogo. Falouse con moitas persoas e se recadou a opinión e información dun

conxunto de responsables de distintos niveis no conxunto da institución. Así, a proposta que se presenta, si ben no seu inicio é do Equipo de Goberno e da Xerencia, plasma todas esas sensibilidades que se recolleron nun mínimo de seis ou sete xuntanzas por área de traballo, intentando unificalas nun modelo homoxéneo.

Continúa o xerente expoñendo que, ao igual que das unidades centrais se traslada a actividade académica e económica aos ámbitos, aos centros e os campus, tamén se considerou necesario dar traslado da actividade de investigación e transferencia; polo tanto, hai que acompañar e dar apoio a estas actividades, función que entende e propia do PAS da Universidade.

Destaca tamén o xerente que moitas actividades como a mobilidade, prácticas, cooperación, calidade das titulacións, están recaendo nos centros de xeito crecente e resulta necesario darlle o soporte administrativo que ditas actividades requiren. Subliña que, a pesar de atoparnos nun marco económico no que nos atopamos, coa existencia dun límite na masa salarial, este modelo permite apoiar estas necesidades.

En canto, ás áreas de servizos á comunidade nos campus de Ourense e Pontevedra, indica o xerente que existe unha translación de actividades dende os servizos centrais que debe seguir sendo apoiada por estas áreas.

Describe tamén a realidade das bibliotecas, que funcionan segundo un modelo centralizado pero tamén desconcentrado, estando presentes nos campus de Ourense e Pontevedra.

Insiste en que o que se pretende é actuar de xeito homoxéneo para o conxunto da comunidade universitaria, con independencia do campus ou o ámbito no que estea o alumno ou o profesor.

A continuación o xerente, a resumir as áreas fundamentais do modelo de servizos centrais:

Área económica, que consta dos tres servizos tradicionais: contratación, contabilidade e control interno, servizos que se manteñen ou mesmo crecen en efectivos atendendo ás novas necesidades, como no caso da contratación pública, cada vez máis esixente na administración pública, atendendo aos principios de publicidade e transparencia.

Área académica: establécese un único Servizo de Alumnado con moitas persoas, incluso con postos por enriba da RPT; é unha unidade moi grande que precisa dunha especialización e profesionalización das actividades e procedementos. En consecuencia, propoñe crear tres servizos, un de axudas ao estudo, bolsas e prezos, o cal ten unha gran relevancia na actual situación económica, polo que debe ter a súa significación nesta proposta, cunha xefatura de servizo, dúas xefaturas de sección e as xefaturas de negociado e os postos base necesarios para dar o mellor servizo a comunidade. Debe haber un servizo de estudos de posgrao, dende o que se dea resposta a unha nova realidade como a Escola Internacional de Doutoramento ou ás necesidades dos estudos de posgrao, que teñen unha variabilidade máis alta que os de grao. E como un servizo de estudos de grao para dar soporte aos mesmos.

En canto ás actividades de investigación e transferencia, no ámbito de PAS-F, créase unha nova sección para a xestión de recursos humanos de I+D. Reestrutúrase todo o servizo e créase unha xefatura de área específica, porque os requirimentos de xestión económica de investigación e transferencia son cada vez máis esixentes e precisan ese apoio especializado.

En recursos humanos mantéñense os tres servizos existentes (PDI, PAS e servizo de retribucións).

Tamén se inclúen diversas áreas transversais, incluída a atención e apoio aos órganos de goberno e dirección (reitor e vicerreitores); a unidade de Análise e Programas, que se reforza porque é importante como se elaboran e facilitan os datos da Universidade e como figura nos índices e nos rankings; a área de Asesoría Xurídica; Emprego e Emprendemento; Extensión universitaria; Relacións internacionais, que se reforza cunha xefatura de área e un negociado; Secretaría Xeral e un área específica de Servizos Xerais onde se agregan as actividades relacionadas con arquitectura, mantemento de estruturas, patrimonio.

Indica o xerente que hai unha serie de unidades nos que o persoal laboral vai ter máis responsabilidades, como a calidade, apoio aos centros de investigación nos que tamén ten que haber un soporte administrativo.

Finalmente, nos servizos centrais da biblioteca, prosigue o xerente, se crean dúas áreas novas para dar resposta a novas necesidades, como servizos bibliométricos ou como repositorio institucional.

Os números que plasman esta proposta son os seguintes; un incremento neto de 13 prazas, das 367 que integran a RPT actual ás 380 que se propoñen. o que supón un enorme esforzo para estabilizar o emprego e para medrar en efectivos e en capacidade de xestión. O xerente destaca que nas numerosas reunións que se mantiveron cos traballadores, unha demanda reiterada referíase a necesidade de recoñecemento da capacidade e da responsabilidade a través do nivel axeitado. Polo que dentro deste esquema se prevé a posibilidade de promoción, xa que aparte dos servizos e das seccións, créanse 22 áreas novas, xunto con negociados novos de nivel 20 e de nivel 18, que conlevarán a consolidación de postos de traballo e menor nivel de eventualidade.

A RPT que se somete a aprobación atende as necesidades actuais e previsibles, pero lóxicamente, como en calquera administración, debe revisarse e adaptarse cada certo tempo, por que as organizacións mudan e as estruturas deben adaptarse aos cambios. Isto é especialmente relevante na Universidade de Vigo, que está a asumir novos retos e que crece, tanto en instalacións como en actividade. A medida que se consoliden esas actividades, xeraranse e consolidarán os novos postos de traballo que sexan necesarios nas seguintes RPT. Todo debe ser un proceso máis fluído, que non se alongue indefinidamente no tempo.

Finaliza o xerente referíndose aos compromisos de futuro, non figuran na RPT senón na memoria que a acompaña, son compromisos que se asinan e se van manter, pero non se incorporan á relación de postos de traballo. Asíse un compromiso de promoción, que xa se propuxo fai tempo pero non se logrou levar a cabo e que agora se reitera. A proposta fundamentalmente é establecer a posibilidade de promoción do C2 ao C1 e do C1 á A2 mediante unha programación que sexa asumible dentro do plano de financiamento do Sistema universitario galego 2016/2020.

O reitor lembra a continuación o ordenamento das palabras, que comezará coa intervención das persoas invitadas a participar neste punto. Trala réplica se abre a rolda de intervencións dos membros do Consello de Goberno.

Cede a palabra ao Sr. Cebro Rodríguez, quen indica que quere dar lectura a un documento que achegará á secretaria xeral para que se incorpore á acta. Pero antes de facelo quere responder ao xerente. Di que os membros da comunidade universitaria poden ler as actas do 22 de decembro de 2015, onde o xerente ameaza á Xunta de Persoal si fan pública a proposta de RPT, unha ameaza velada cun expediente disciplinario, porque o xerente dixera que segundo a lei non se pode divulgar a RPT. Esa é a transparencia que di o equipo reitoral, engade o Sr. Cebro. A Xunta de Persoal dixo reiteradamente que ían publicala a pesar diso, só que daba de prazo ata a seguinte reunión. Considera que a transparencia foi nula durante o proceso, e que mantivéronse vinte reunións pero sen contido para negociar. Explica que sempre houbo dúas liñas vermellas: por parte da Xerencia, o teito orzamentario, e por parte da Xunta de Persoal, que ningún funcionario estivera obrigado a concursar.

Prosigue preguntando cantas prazas de funcionarios se consolidan con esta proposta, e cantas prazas de funcionario interino hai por riba da RPT. Pregunta cantas se consolidan en administración, mentres que só se crean dúas na Biblioteca, que sempre é a esquecida de todas as negociacións da RPT, que ten o modelo de biblioteca que tiña cando o Sr. Mato cando era vicerreitor. Insiste na consolidación de prazas, xa que o xerente di que son corenta e oito, pero pregunta cantas corresponden a funcionarios. Pregunta tamén pola cantidade que indica o xerente de 1.600.000 euros de incremento da masa salarial, pero subliña que só son 350.000 da RPT de funcionarios, o resto corresponde á RPT de laboral. Aclara que na actualidade hai entre 40 e 45 prazas por riba da RPT, moitas delas son estruturais, correspondentes a persoas que sacaron a oposición sen praza. Na proposta que se realiza, continúa, se consolidan 36 prazas de RPT de persoal laboral e 12 de funcionarios. Pero desas 36 prazas, 17 ou 18 son de Grupo 1, técnico superior, que teñen un custo para a Universidade de 55.000 euros, con seguridade social. Pero desas 18 prazas de técnico superior que foron creadas, na comisión de emprego tan só foi aprobada unha, con consenso sindical: a do veterinario do animalario. Esta praza é obrigatoria por lei, xunto con dous técnicos medios para esta instalación. O resto das prazas, di o Sr. Cebro, foron definidas polo equipo, as convocatorias foron perfiladas a dedo.

Prosigue o representante sindical, dicindo que ademais nesta proposta da Xerencia se crean 28 pluses de responsabilidade. Pregunta de onde sae este diñeiro, 1.300.000 €, e responde que sae de todos os presentes, dos despidos; é a primeira vez que hai un ERE na Universidade. Manifesta o seu malestar, porque as indemnizacións, como as recibidas no ano 96, cando se votou abaixo o concurso do 91, as paga a Universidade, e non os responsables, xerente e reitor. Avisa aos membros do Consello de Goberno que van ir aos tribunais, e que van gañar, polo que haberá indemnizacións de que novo terán que pagar a Universidade. Por iso, explica que ven de presentar o escrito ao que dá lectura, e que se engade como **Anexo III** a esta acta.

Lembra a responsabilidade dos membros do Consello de Goberno na aprobación desta RPT, e fai mención ao artigo 145.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro, que regula o procedemento administrativo, explicando que a administración poderá esixir responsabilidades aos que tomaron a decisión que cause os prexuízos polos que haxa que indemnizar. Insiste en que os prexuízos son enormes no caso de que se aprobe a proposta que aquí se trae: menciona a supresión de 72 postos de traballo, 172 persoas que teñen a obriga de concursar e máis de 40 despedimentos, ademais de persoas que logo de moitos anos de vivir en Ourense e Pontevedra, deberá cambiar de residencia. Tendo en conta todas as indemnizacións que se derivan deste proceso, solicita expresamente o voto nominal para poder identificar aos responsables da decisión que se pretende tomar, no caso de que o equipo reitoral diga que o voto debe ser anónimo, entenderá que pretende diluír as responsabilidades. Insiste en que acudirán aos tribunais e esixe que en cumprimento do artigo exposto, a Universidade actúe en contra dos que aprobaron a medida para que respondan co seu patrimonio persoal. No caso de que a Universidade non actúe en contra dos que aprobaron a proposta, estaríamos ante unha probable prevaricación por omisión que se porían en coñecemento do Ministerio Fiscal. Solicita que conste expresamente en acta estas manifestacións.

Prosigue o Sr. Cebro indicando que teñen gañado moitos xuízos, pero as responsabilidades non as pagan os membros do equipo reitoral. Lembra ao reitor que cada posto é unha persoa, e que dan un bo servizo. Di que esta proposta de RPT conste un fraude de lei, porque esta modificación debería ir por un plan de emprego, que garante moitos dereitos aos traballadores, pero o equipo decidiu que non lle conviña.

Finaliza a súa intervención como membro do Consello de Goberno, resumindo que solicitan o voto nominativo para que cada un se faga responsable da decisión que tome aquí. Posteriormente intervirá como presidente da Xunta de Persoal funcionario.

O reitor cede a palabra a dona M^a José Ríos Santomé, quen intervéen como secretaria da Xunta PAS. Dá lectura a un escrito que tamén achega para que conste en acta (**Anexo IV**). Indica que é funcionaria dende o 1993, que ocupa un posto singularizado de xefatura de negociado, nivel 20 no Campus de Pontevedra. Quéixase de que pode falar como membro dun órgano de representación, xa que se lle negou a súa participación como PAS, a pesar de que está afectada pola RPT. Manifesta a súa oposición a esta proposta, e dá lectura a dous artigos dos Estatutos da UVigo no que se menciona que os órganos de goberno deben respectar os principios de igualdade. O que non se respecta con esta proposta, xa que o Campus de Ourense queda en cadro, cunha redución do 20% dos postos. No campus histórico de Torrecedeira a redución de efectivos é do 86%, ou se despiden ou se desprazan ao Campus de Marcosende, o que vai en contra da descentralización da que presume o equipo, di a Sra. Ríos Santomé.

Continúa mencionando que na negociación quedaron claras as liñas vermellas de cada parte. Indica que o xerente non considera custo cando se suprime un posto ocupado en Ourense e se dá un en adscrición provisional en Vigo, pero iso leva a non cumprir a adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral, que indica a lei 2/2015 do 29 de abril de emprego público de Galicia.

Fai referencia tamén que nas actas de referencia non aparece a documentación que se entregou o 22 de outubro de 2015 e que na acta aparece como un anexo, pero non está na documentación. Foi entregada a Xerencia como unha base de traballo, tendo en conta as achegas dos compañeiros e as compañeiras e consta de manual de funcións, manual de funcións específicas, comparativa de niveis das universidades galegas e as españolas, comparativa de efectivos das universidades galegas e españolas, así como as suxestións que se facían. Di que esta documentación non se tivo en conta. Prosigue expoñendo que se acordara que a Xunta PAS ía presentar a súa propia proposta da RPT para o 1 de xullo, por tres días, o xerente solicita o informe da Xunta PAS sobre a nova proposta da Xerencia. Polo que considera que racha

coas negociacións e vai provocar o despedimento de persoas que están facendo o seu labor, sacando adiante á Universidade. Fai unha crítica da proposta da Xerencia dende o principio, xa que transforma as secretarías das vicerreitorías, que son postos de libre elección con requirimentos de especial confianza, pero que agora pasan a estar desingularizadas. A desingularización é discriminatorio: levar moito tempo traballando nunha área non supón unha vantaxe á hora de promocionar. Crítica tamén a política de sobriedade en base ao complemento que percibirá o posto de secretaria xeral técnica, que ao principio era un posto ao que se podía concursar, pero agora pasa a ser de libre designación. Comenta a creación de áreas en servizos centrais, concretamente o Servizo de Alumnado pasa a ser tres servizos, cada servizo dúas seccións. Menos en grao, que é onde máis alumnos hai. Crítica tamén a escasa diferenza de funcións entre as xefaturas de áreas e as de negociado.

Continúa indicando que apoiar esta proposta é ir en contra do Campus de Ourense e a sede cidade do de Vigo. Non se pode acadar unha Universidade de calidade con despedimentos, que segundo a súa opinión se concentran na parte máis débil.

Rexeita a proposta de RPT: divide aos traballadores en castas; condena á incerteza ao persoal con menor nivel; non recompensa os esforzos destes anos; ningunea ao órgano de representación dos traballadores; despreza o labor dos contratados; maltrata ao Campus de Ourense e o da sede cidade; mutila a posibilidade de promoción; non resolve os problemas de xestión; pecha os oídos ás achegas do persoal e desaproveita a formación do seu propio persoal.

Finaliza indicando que desexan unha RPT que recompense equitativamente o esforzo, recoñeza o valor do seu persoal, que achegue solucións e que sexa realista coas necesidades da xestión e que permita ofrecer unha formación de calidade e que coide do seu persoal. Remata engadindo que se esta RPT é a aposta do goberno pola eficacia, modernidade e calidade, que favoreza a descentralización, están moi errados.

A continuación o reitor cede a palabra ao Sr. Horacio Villar, quen agradece ser escoitado no Consello de Goberno. Comenta que foi invitado para que estivesen representadas todas as ideoloxías, pero o que desexa facer é falar de sentimentos. Di que leva case trinta anos na Universidade e que nunca viu algo así; e que se xustifique cunhas palabra que lle fixeron moito dano: a importancia das RPT. Lembra que el negociou a primeira RPT e contribuíu a convencer a aquelas direccións da importancia das RPT. Engade que xa pasaron moitos anos e houbo moitos líos, e sempre escoitaron a cantinela de que cos representantes do PAS non se pode falar. Indica que o feito de que o punto se chame aprobación da proposta do xerente, en lugar de aprobación do acordo da RPT, xa o di todo. Solicita que desculpen a súa ausencia, porque non pode aguantar máis.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen comeza dando resposta ao Sr. Cebro en relación co aspecto da transparencia. Insiste en que, dende o momento en que comezou o proceso de negociación, toda a comunidade universitaria tiña que ter información de todo que se estaba a tratar. Antes mencionou unha acta e, en efecto, pódese ler, ao igual que todas as outras (proxecto algúns dos documentos mencionados). Na acta do 22 de decembro, o xerente subliñou o “carácter temporal da reserva de comunicación da proposta da RPT, porque se trataba dun documento de traballo, aberto, suxeito a modificacións, polo que todos debemos evitar que se xeren inxerencias ou preocupación innecesarias no persoal”. Sigue a ler a acta, na que consta é que “o presidente da Xunta PAS indica que non o entendera así, pero que acepta esa cláusula só ata a vindeira reunión de negociación”. O xerente xustifica a petición da reserva, porque se trata dun documento moi longo, moi complexo, co que se poden xerar inxerencias. Non era con ánimo de ocultación, só para que se puidera ler e repasar, e cando estivera feito o traballo de revisión polas dúas bandas, se fixer público. Lembra o xerente que o Sr. Cebro asinou esa acta.

Continúa comentando que este proceso si foi de negociación polas dúas bandas, e recoñece que é certo que o Equipo de Goberno ten un límite na negociación: que é o teito orzamentario e un límite de masa salarial. Sería preferible que non fora así, pero existe. E remarca que grazas á boa xestión realizada pódese incrementar agora as RPTs en máis de 1.600.000 euros, para o conxunto do PAS da Universidade, e esa é a proposta que se presenta ao Consello de Goberno.

Subliña o xerente que o que se quere aprobar hoxe é unha RPT, que é un documento técnico que establece un modelo organizativo que está ben definido, e que foi debatido e comentado ao longo de dezaioito

meses co PAS funcionario e o laboral, coa idea despois de chegar a outro punto, que tamén comentou o vicerreitor, que é a funcionarización. Destaca que as cuestións que se formularon como os despedimentos ou a mobilidade non teñen que ver con ese modelo, senón coa execución da RPT. Como xa se dixo, prosigue, agora débese iniciar outro proceso de negociación para determinar os criterios de execución, ao igual que no seu momento haberá que negociar tamén o criterios do concursos de traslados. Insiste en que non deben mesturarse os termos, neste momento estase a falar da estrutura organizativa e, nunha fase posterior, haberá que desenvolvela a través doutro proceso de negociación como xa era coñecido. Respóndelle ao Sr. Cebro que pode participar ou non nese proceso, pero o que non pode facer é anticipar as consecuencias da execución da RPT, cando aínda está por iniciar a negociación que decidirá como se vai executar. Os procedementos de execución, adscrición provisional ou definitiva sempre se deciden e se acordan nunha fase posterior, como se pode comprobar no histórico, e despois virá o concurso de traslados, polo que aínda queda unha longa etapa de negociación na que, continúa o xerente, gustaríalle que participaran.

Considera o xerente que nesta RPT tentáronse seguir todos os pasos. A RPT vai acompañada doutros documentos, como un manual de funcións matricial no que se determinan as funcións por posto de traballo, dende xefe de servizo ata posto base, pasando por negociados, áreas e servizos para o conxunto da Universidade, e outras características funcionais por cada unha das áreas e servizos.

Responde a continuación ao exposto por dona M^a José Ríos, e di que, ao igual que ela, cree nunha boa administración e nunha provisión pública de servizos públicos, pero esa administración ten necesariamente que ser eficiente. De novo, nas palabras da secretaria da Xunta PAS se anticipan adscricións, despedimentos, concursos; o xerente reitera que hoxe se aproba unha organización dos postos de traballo e que, posteriormente, haberá que negociar como se pasa da RPT actual á nova.

Para responder aos comentarios feitos en relación ao proceso de negociación desenvolvido, o xerente lembra a acta 16, do 27 maio de 2016, que está asinada (a proxecta, e se xunta como **Anexo V**), e na que o presidente e secretaria da Xunta PAS se comprometeron a presentar un documento en quince ou vinte días cunha RPT alternativa, cousa que novamente non fixeron, subliña o xerente. Prosigue expoñendo que houbo reunións posteriores, nos que a Xerencia seguiu a trasladar a necesidade de negociar de boa fe; e que había que chegar a acordos nuns prazos determinados polo plan de financiamento.

Que no proceso de negociación se explicou tamén, en marzo, que se mantiveran contactos con xefes de servizo, xefes de sección, postos base, con distintos colectivos, directores de departamentos e manifestaron a súa opinión favorable, como se recolle na correspondente acta (a proxecta). Non obstante, o día 15 de xuño o presidente da Xunta PAS envía un correo á comunidade (a proxecta e se xunta como **Anexo VI**) dicindo que estas negociacións conlevan a paralización das negociacións á espera do acordado na mesa de negociación. É dicir, que aquilo que en marzo non era un problema, se considera en xuño, porque proseguiron as negociacións, motivo de paralización.

Diante disto, a Xerencia solicitou a presentación dunha proposta pola Xunta PAS, recordando que, se hai unha vontade de negociar certa, débense respectar os prazos e as formas. Reitera que a Xerencia non rachou a negociación, senón que tentou negociar en todo este proceso e, por iso, refírese a feitos probados que tiveron lugar na mesa de negociación.

Finaliza a súa intervención insistindo en que o que se aproba é un documento técnico que di como nos queremos organizar; e esa organización tenta ser transversal para toda a Universidade e dar resposta ás necesidades da actual Universidade. Esta adecuación non se realiza dende o ano 2000 e, como é coñecido porque os datos están publicados, aquela RPT foi parcial, xa que non se estendeu aos campus de Ourense e Pontevedra na súa totalidade.

O reitor abre unha rolda de intervencións, na que solicitan intervir, o Sr. Xan Cebro, o profesor Rodríguez Berrocal, o profesor Pedro Santamarina, o Sr. Federico Fernández, o Sr. Luis Pérez, o profesor Vicente Romo e o profesor Reigosa Roger.

Toma a palabra o Sr. Cebro. Comeza a súa intervención indicando que, se como di o vicerreitor, a responsabilidade é da Xunta de Galicia, xa pode negociar tamén con Feijoo a execución da RPT, xa que eles ven imposible negociar co equipo xerencial. Expón que leva moitos anos na representación do PAS

funcionario, nese tempo pasaron moitos xerentes, Trillo, Taboada, Antón, Viso, Manolo Castro e Pulpeiro, e con todos chegou a acordos: RPT, concursos, situacións administrativas do persoal etc. Pero nos seis anos que leva a actual Xerencia, non trouxo nunca un acordo asinado polos comités de empresa de Pontevedra ou Ourense e a Xunta PAS ao Consello de Goberno. Di que o xerente impuxo a bolsa horaria, reducir os días de asuntos propios, todo son imposicións, pero non chegou a acordos. Cuestiona a mesa de negociación constituída e as 20 reunións mantidas, e reconece diante dos compañeiros que o fallo foi seu, porque está manexando as actas. Reconece que el non lía as actas, que o facía a secretaria, quen facía as propostas de modificacións. E, de boa fe, non lía as actas cando se introducían as modificacións, as asinaba. As leu estes días. Reitera que foi fallo seu por crer na boa fe do persoal.

A continuación, entra a criticar a actuación pola que o Equipo de Goberno suprime cinco postos: Un na Secretaría Xeral; en Xerencia, tres postos bases; en investigación dous postos base; Alumnado, un posto base; en Contabilidade elimina tres postos; en Control Interno, unha xefatura de negociado e un posto base; en Xestión Económica, dúas xefaturas de negociado e tres postos base; en Patrimonio, suprime todo o servizo de patrimonio; en apoio á xestión aos centros de investigación, suprímeseos todos. Pide que lle poñan cara ás persoas que traballan no servizo: con cincuenta e cinco, cincuenta e sete anos, vanse á rúa, con familia, e dando un bo servizo. Ninguén está a pedir a praza en propiedade, prosigue, pídesse que se dea unha oportunidade para poder opositar á praza que estaba a ocupar.

No Campus de Ourense, continúa o Sr. Cebro, se pasa de cincuenta e un efectivos, a corenta. E a xente vai ter que volver a concursar. O señor xerente manipula, porque cando se fixo PAS e PDI, que era recursos humanos e persoal, el participou na negociación e non se despediu a ninguén, porque se crearon prazas: e se mantiveron todos e se crearon as dúas xefaturas de sección e dúas de negociado. E facían as mesmas xestións, recursos humanos e PAS, por iso se puideron facer as adscrición definitivas. Pregunta como se vai facer a adscrición, cando de cinco negociados se pasan a tres en xestión económica, e pasa de cinco postos base a dous, dos cales tres contratados se van á rúa. Critica tamén que se diga que a culpa é da Xunta de Galicia, por mor dos orzamentos. Di que é mentira, e que non é certo que se vaian facer agora os orzamentos. Pregunta polo que sucede en Alumnado, di que, en contra da opinión da xefa de servizo, se crean tres servizos de alumnado, cando os servizo aos alumnos fáise nos centros, como din os xefes de servizo e os administradores. Insiste en que a atención aos alumnos non se dá nos servizos centrais, senón nos centros, como a atención ao PDI. Na súa opinión, servizos centrais o que dá son as directrices na xestión do alumnado.

Continúa dicindo que se liquida a área de servizos á comunidade en Pontevedra e en Ourense, que xestionaba as bolsas do alumnado, xestionaba os Erasmus. Liquida o servizo á sociedade viguesa, xa que desmantela todo o campus histórico, quedando só a Escola de Empresariais. Cuestiona tamén que as persoas que traballaban no Campus de Vigo teñan que subir a este.

En relación ao ámbito de investigación, traslada que na negociación o xerente demostrara non ter nin idea, e que mellor sería que tivera levado a vicerreitora de Investigación. Explica que este modelo se creou na época de Taboada, e daquela ninguén foi despedido, creáronse áreas, co Sr. Mato de vicerreitor de Investigación, creáronse os administradores, creouse a Área Económica, separándose da Área Académica, e se puxo por riba un xefe de área académica, nivel 22, pero se mantiveron os dous responsables de asuntos económicos, se mantiveron todos os postos. O único problema foi que se pedían dous administradores en Pontevedra e tres en Ourense, e o equipo non aceptou. O modelo que se crea neste caso é centralizado, o que resulta absurdo na súa opinión.

Comenta a continuación que as xefaturas de área da reitoría non teñen sentido. Non ten sentido que haxa unha sección, unha área e un negociado, coas funcións que define a Xerencia, a diferenza entre postos é a emisión de informes. Non pode ser que se cobre un plus por un informe, facendo a mesma función.

Volvendo ao Campus de Ourense, pasa de sete responsables de asuntos económicos do Campus a catro; de seis xefes de administración pasa a catro, concursan obrigatoriamente. Crea un xefe de equipo, de nivel 24, eliminando un administrador.

Insiste en que o persoal vai a estar obrigado a concursar. En Vigo, en concreto, deberán concursar 172 persoas. Engade que esta RPT é imposible de executar, e que falar co xerente dende o 15 de xaneiro é inútil. Comenta as reunións que mantivo o xerente con administradores, xefes de servizo e demais. Di que

eles se reuniron con todos os administradores xuntos, e todos estaban en contra da proposta de RPT. Reuníronse co xefe de alumnado, de xestión económica, de investigación, e tamén o están. Di que non entende que estea consensuado.

Finaliza dicindo que o xerente ten que dicir lle á cara aos traballadores que se van á rúa, que teñen que concursar a costa de aumentar 1.300.000 € para poder pagarlle aos técnicos superiores de grupo I os pluses cos que os comités de Ourense e Pontevedra non estaban de acordo na mesa da Comisión de Emprego. Insiste en que os membros do CG serán os culpables dos despedimentos, da obriga de concursar e de que se dea mal servizo á comunidade. E remata dicindo que eles irán aos tribunais, e alí esixirán as responsabilidades que correspondan.

Cede a palabra o reitor ao profesor Rodríguez Berrocal, quen intervéen en calidade de director de departamento e representante do PDI no Consello de Goberno para explicar o seu voto en contra e para pedir que os membros do PDI tamén voten en contra. Basea o seu voto tanto no total desacordo coa forma coa que se levou a cabo o proceso, como no fondo, o resultado final ao que se chegou. Para explicalo, vai restrinxilo á desingularización do persoal adscrito ás secretarías dos departamentos, xa que é o tema que máis coñece e máis lle afecta, aínda que pode aplicarse ao resto. Manifesta o seu desacordo porque os directores de departamento enteráronse fai pouco tempo dos cambios que afectaban de modo drástico ao funcionamento dos departamentos. A raíz dese coñecemento, hai tres meses, solicitaron unha entrevista co reitor e ao final conseguiron manter tres reunións con membros do Equipo de Goberno (Xerencia, Vicerreitoría de Economía e Planificación e Secretaria Xeral) cando en realidade o que formulaban non era nin un problema económico nin administrativo, senón de organización, de entendemento de como funciona a Universidade. E di que os directores saíron das reunións coa sensación de que non se entendía o que querían, xa que os argumentos eran económicos ou de desenvolvemento da administración e non do funcionamento interno dos departamentos e do servizo que se debería dar ao PDI.

Nestas xuntanzas considera que aconteceu algo que é habitual nesta Universidade: que se vai a explicar algo que xa está decidido e a permitir que o outro fale un tempo oportuno, pero que non o entende como diálogo. xa que non se moveu unha coma do documento inicial. Cree que foi un erro, porque os directores de departamento propoñían melloras ao servizo aos docentes e investigadores, con independencia de como se deban cadrar as contas ou a formulación xeral da RPT. Así, os directores estaban en desacordo con ese proceso porque non serviu para nada. Nunha desas reunións púxose un exemplo desafortunado, segundo cal nos departamentos se movía escasamente un papel ao día. Este exemplo se desbotou finalmente de palabra, pero non de obra. Isto en canto ás formas: lamenta fundamente que o reitor, que é proclive ás reunións, non aceptara facelo cando 41 directores de departamento o solicitaron. Destaca que nunca vira tanta unanimidade neste colectivo, independentemente da postura política.

En relación co fondo do resultado final da RPT no que atinxe aos departamentos. Cría que por absoluto descoñecemento porque, considera que a Xerencia non ten por que coñecer como funciona academicamente a Universidade, se chegara a conclusión de que aos docentes e investigadores lles conviña ter unidades centrais de investigación e transferencia, porque os departamentos apenas tiñan actividade. Explica o proceso seguido para valorar esta proposta, realizando unha enquisa entre os directores de departamento, e 40 de 41 departamentos decidiron que preferían manter os postos singularizados, co persoal dependendo dos departamentos e non nunha unidade central. Como pode considerarse subxectiva a postura dos directores de departamento (hai que pensa que queren ter unha administrativa á súa disposición), ampliouse a base do estudo facendo enquisas a todo o PDI, dos que contestaron un total de 430, dos cales un 89% decidiu que era máis útil para o PDI ter o apoio administrativo no departamento que ter que acudir a unha unidade central.

Lamentablemente, continúa o profesor Rodríguez Berrocal, non se tivo en conta, ben porque non se entendeu, ben porque non procedía, e a proposta inicial seguiu sen modificacións. Considera que esta postura é paternalista: o pai decide o mellor para os fillos, sen ter en conta a súa opinión. ou en versión política: o todo para o pobo, pero sen o pobo. A política é o despotismo, ilustrado, pero despotismo. E os que aplican esa política son déspotas. porque non teñen en conta a aqueles a quen afecta o que deciden. Finaliza reiterando que, tanto pola forma como polo fondo, vai votar en contra, e solicita dos demais representantes do PDI que teñan en conta a enquisa realizada e voten tamén en contra.

O reitor cede a palabra ao profesor Pedro Santamaría, quen como representante do profesorado asociado no Consello de Goberno e no comité PDI-laboral Pontevedra, que emitiu xa un escrito de apoio á reivindicación do PAS, anuncia que tamén votará en contra pola evidente falta de consenso na proposta, que pon de manifesto, na súa opinión, a falta de capacidade do goberno para chegar a acordos. Considera que é algo preocupante, xa que estamos encomendando aos órganos xudiciais a resolución de cuestións que deberían dirimirse nunha mesa de negociación. Remata subliñando que ese non é o camiño axeitado.

Intervén o representante D. Federico Fernández para dar lectura a un documento que achegará para a súa incorporación a acta, pero antes realiza un comentario a raíz do que se foi comentando no Consello de Goberno. Na súa opinión, trátase dun proceso de negociación fracasado, porque se en vinte reunións non se chega a un acordo, algo pasa. Engade que moitas das primeiras reunións foron para ir sentando bases para a negociación, expoñer as propostas e argumentar en base as mesmas. O proceso en realidade quedou na parte final. E o final foi abrupto, engade. Logo, falta transparencia porque a este Consello de Goberno non se lle traslada o informe emitido pola Xunta PAS. Todos os membros temos a información que achegou a Xerencia ás mesas de negociación, pero non se dispón do informe preceptivo, e aínda que agora o están informando de viva voz, non coñecían a opinión da Xunta de Persoal. Valóralo como unha desconsideración, xa que se debe estar en igualdade de posición para poder decidir, tendo información previa para poder analizala. Na súa opinión, non pode funcionar o Consello de Goberno se toda a información se achega de xeito verbal e hai que tomar a decisión no momento.

En relación co proceso da RPT expón o feito de que existan actas sen asinar en ámbalas dúas RPT, aínda que fala da de persoal funcionario, e que se diga que se non hai alegacións, se pase a asinar. Cuestiona se o Consello de Goberno actuaría así. Lembra que as actas deben aprobarse ou ben ao final da reunión, dando lectura ao seu contido e asinando, ou ben na seguinte reunión. Entende que hai certas actuacións que non son correctas. Continúa expoñendo que se hai tanta presa porque hai unha data na que hai que emitir un informe notificando á Xunta o incremento de masa salarial, non se entende que hai un ano non se dixera nada desa urxencia, porque se consideraba que o proceso ía ser longo. Engade que parece que as regras do xogo son máis coñecidas por uns que por outros.

Finalizado este comentario, dá lectura ao texto no que resume a postura sindical e que se engade como **Anexo VII** a esta acta.

O reitor cede a palabra ao Sr. Luis Pérez, representante do PAS no Consello de Goberno, que manifesta un estado de ánimo triste, decepcionado e canso. Expresa que comeza a sentir desafección pola institución, algo impensable nel, que sempre foi considerado unha persoa comprometida coa institución, porque entende que a educación pública é vital para a mellora da sociedade. Explica que é membro da Comisión de Economía e Planificación, delegada deste Consello de Goberno, e que nela manifestou o voto en contra do PAS, nominal. E o fai por un sentido institucional. Lembra que o lema “somos quen “ non é só un lema de campaña do actual goberno, senón que tamén é a expresión manifestada nos orzamentos do 2016 en relación co PAS e como se debían negociar as RPT: ser capaces de negociar co máximo consenso. E di que el considerou que ía ser así, e que habería unha mesa de negociación clásica, cos seus tempos para o proceso. Pero explica que cometeu un erro, porque non era unha mesa de negociación, xa que o que estaba claro era o final: unha data, unha RPT aproximada, e a partir de aí vestiuse o discurso cara atrás. E di que o pensa así, porque o único elemento que se está a considerar aquí son as actas. Explica que eles non fixeron alegacións ás mesmas porque consideraban que máis ou menos se recollía o acontecido, e durante dezaoto sesións as deixaron así, cando menos os representantes do Comité de Ourense. Pero cando presentaron alegacións a Universidade fíxo contraalegacións, polo tanto, que comprendeu que as actas eran importantes para demostrar se houbo negociación ou non, en previsión de chegar ao xulgado, xa que para anular unha RPT na vía xudicial é demostrar que non houbo negociación.

Prosigue expoñendo que se está a cambiar o paradigma do que é a negociación entre representantes de traballadores e empresa. Na súa opinión, o novo paradigma vai na dirección de universidades públicas cun modelo de gobernanza distinto; con nomeamento de reitores dende institucións alleas á propia Universidade, e cun interventor económico. Considera que estamos a adestrar esa vía, facendo unha representación diante dos traballadores; e os representantes do PAS non entendiamos que se está a facer un ensaio xeral desta situación, que nos leva a unhas consecuencias perniciosas. Outro elemento clave da

campaña electoral do reitor: o importante eran as persoas. O Sr. Luis Pérez di que entende que as persoas somos todos, os membros de tódolos colectivos; e no momento no que non vaíamos xuntos fraco favor lle faremos á nosa contorna. Lembra que o acto que ten lugar no Consello de Goberno é un acto administrativo: tráese unha proposta ao órgano, vota e xa se verá a consecuencia dese acto. Pero, continúa, como xa dixeron os compañeiros, este acto administrativo afecta ás persoas e, ademais, non houbo achegamento entre as partes. Para rematar, pide que aqueles que van votar a favor da RPT consideren que este acto administrativo ten consecuencias demoledoras para algunhas persoas. Expón tamén que nesta sesión vai votar en outros dous puntos nos que se adoptan medidas especiais para garantir unha continuidade a persoas afectadas por cambios normativos, noutro acto administrativo que tamén afecta a persoas. Pide que as persoas que van votar a favor da RPT o pensen, xa que segundo as demostracións que se fagan neste órgano, cada un de nós verá que resposta se dá, engade.

Finaliza dicíndolle ás persoas que pensaban absterse, que esa posibilidade non existe neste punto, que o pensen, xa que hai que decidir sobre persoas, debe decidirse. Hai capacidade de reflexión e liberdade para votar, pero non cabe a abstención.

O reitor cede a palabra ao profesor Reigosa Roger. Comeza explicando que a RPT é un tema do que non ten un coñecemento moi extenso, polo que non vai tratar os aspectos técnicos, senón de política universitaria, que entende que é o máis importante, xa que está na raíz das persoas que serven á institución. Di que estaba confiado na negociación porque, con independencia das posturas sobre política xeral que un poda ter e que estea encadrado na oposición, cree que o reitor está refrendado por unha longa traxectoria na cal amosou unha gran capacidade de negociación, e sempre foi quen de chegar a acordos con persoas de distintas ideoloxías. Indica que no Claustro en ocasións se trataban algún temas relacionados e notaba que había preocupación, dúbidas por parte do PAS, pero o reitor tranquilizaba e el confiaba en que cando chegara o momento habería un acordo. Pensa que habería un acordo que, obviamente, non podería satisfacer a todos, con discrepancias puntuais, pero non agardaba que houbese un desacordo tal entre os traballadores e a institución que, en si mesmo. é moi malo.

Indica que só quere tratar brevemente dous aspectos, que ao seu xuízo son importantes: o modelo organizativo e o tema persoal. En canto ao modelo organizativo, opina que o goberno pode facer as propostas que considere oportunas, é a súa misión. E cre que debe buscar opcións que permitan, cos mesmos recursos, facelo mellor. Pero, mesmo despois da boa presentación da proposta realizada, a súa impresión é que dita proposta supón espir a un santo para vestir a outro, pero que non soluciona os problemas existentes. Cree que o modelo proposto é impreciso, e non lle queda claro que sexa mellor que o actual, e polo que se expuxo aquí en relación coa opinión do PDI, non parece que a comunidade estea moi convencida. Polo tanto, en relación co modelo organizativo, solicita que no futuro haxa maior capacidade de convencer á xente, xa que todos buscamos que a Universidade acade cotas máis altas de calidade. Conclúe dicindo que neste modelo organizativo pódense atopar elementos positivos, pero non ve claro que poida substituír ao actual.

En canto ao segundo aspecto, o persoal considera que o que se agarda dunha RPT é que os traballadores que serviron correctamente á institución, como mínimo se queden como están. Cando se cambia de modelo, ou mesmo no mesmo modelo, se cambia de relación de postos de traballo, hai que ofrecer incentivos aos traballadores: hai que permitir que teñan unha carreira profesional. Polo que cando escoita que vai haber despedimentos e concursos que van obrigar a traslados de traballadores, non o pode apoiar. Manifesta a súa decepción neste punto e solicita que conste en acta o seu voto en contra. Pide ao reitor que retire o punto da orde do día como única maneira de solucionar esta situación.

Intervén a continuación o profesor Vicente Romo, quen se presenta como decano da Facultade CC Educación e do Deporte de Pontevedra, e refire que leva case corenta anos na administración e sete anos na Universidade de Vigo, o que lle dá unha certa perspectiva destas situacións, xa que na súa carreira profesional chegaronlle a afectar a el mesmo. Comeza expoñendo que está en contra de que se despida a ninguén, pero tamén reconece que esta é unha administración moi laxa. Cando chegou a ela atopouse que todo eran facilidades para o persoal de administración e servizos cando se quería solucionar. Destaca que estamos nunha administración na que podemos decidir o que queiramos e transformala como queiramos, o que non ocorre noutras administracións, nas que as estruturas de poder son moi fortes e rixidas. Expón que nos últimos anos a Universidade de Vigo experimentou unha fonda transformación para ben.

Actualmente estamos nunha época de fondas restricións orzamentarias, e mudar as estruturas neste marco é difícil. Di que tamén estamos nunha sociedade moi cambiante, que experimenta moitas modificacións en pouco tempo. Como exemplo cita o caso dos departamentos, que se ben recoñece que realizan unha labor imprescindible, nos últimos anos baixaron en competencias: perderon a docencia de 3º ciclo, que antes supuñan moito traballo, polo tanto, haberá que adecuar os recursos a esa nova situación. Por outra banda, hai que ter en conta a incidencia das aplicacións informáticas, p.e. a plataforma de xestión económica, que funciona moi ben. tamén a xestión académica, actas etc.

Engade que é unha pena que non houbera un acordo cos representantes dos traballadores, pero fai fincapé en que nas épocas de recesión este acordo é moi difícil. En relación cos concursos de traslados, estima que haberá que regulamentalos para causar o menor dano posible, pero lembra que existen en todas as administracións. Di que persoas poden mudar o lugar de traballo, pero manifesta o seu desacordo con que se despida a ningún traballador.

Finalizada a rolda de intervencións, o reitor cede a palabra ao xerente para responder ás mesmas.

En resposta ao Sr. Cebro, comeza lembrando que veñen de chegar a un acordo Xerencia e Xunta PAS, grazas ao cal acaban de saír as xefaturas de servizo de Control Interno e de Asesoría Xurídica, con acordo por ámbalas dúas partes, o que agradece o xerente. Tamén noutras ocasións teñen acadado acordos para modificacións puntuais da RPT, tanto con vostede como presidente da Xunta PAS como cos comités de empresa, e aquí hai representantes que o saben, e tamén con antecesoros de vostede na Xunta de Persoal, continúa o xerente. Sinala que hai documentos asinados que o demostran, e todos saben que así foi, e que todos eles pasaron polo Consello de Goberno no seu momento. Engade que é certo que ás veces non se pode chegar a un acordo, como pode ser neste caso, pero non poden negar que noutras ocasións si.

Aclara que as actas non se manipulan, como se dixo, senón que se lles remiten a cada órgano de representación para que todos os seus membros as analicen e podan facer as alegacións que consideren oportunas, se recollen ditas alegacións, se volven a ler, se asinan e se publican. Destaca que é curioso que, dez meses despois, se diga que falta algo. Lembra que nalgunha ocasión alguén detectou que faltaba algo, se dixo, se engadiu e se publicou. Fai fincapé o xerente en que non hai ningún problema coa publicación dos documentos, porque precisamente o que se quere é fomentar o público coñecemento da comunidade universitaria e do público en xeral, xa que a web é aberta, dos procesos que se están a seguir. Nunca se actuou de xeito distinto.

Prosigue expoñendo que no Campus de Ourense figuran 40 postos na PRT actual, agás biblioteca, e na RPT proposta se aumentan a 41. Engade que so hai 35 funcionarios no Campus de Ourense con destino e praza alí. Pero hai 17 traballadores en comisión de servizos, moitos dos cales teñen a súa praza e destino no Campus de Vigo, polo tanto, non se pode falar de despedimentos, xa que estes traballadores teñen unha praza garantida. Outra cousa é que esas persoas, cando cheguen aquí, teñan a algún compañeiro que está ocupando a súa praza, a súa reserva. Evidentemente, engade o xerente, cando iso ocorra, pode que esas persoas se movan. Pero no conxunto da RPT, volve a reiterar, se produce un crecemento de 13 postos. E, prosigue o xerente, todas esas persoas traballarán en función dun criterio claro, que se está a seguir en todos os chamamentos, a orde de prelación que teña o persoal nas listas. Este é un aspecto no que estamos todos especialmente vixiantes, como non pode ser doutro xeito, engade.

Pero, insiste unha vez máis, que o Sr Cebro nas súas verbas está anticipando aspectos que serán obxecto dunha negociación posterior, cando haxa que analizar como se executa a RPT.

O Sr. Cebro di que hai despedidos. O xerente respóndelle que non se poden dicir despedimentos, porque nesta RPT se están consolidando postos. Hai novas intervencións, pero o reitor indica que debe seguir o xerente, xa que logo haberá unha segunda rolda de intervencións.

Prosigue o xerente facendo mención ao procedemento de negociación da RPT, que describe como franco e leal por ambas partes. E subliña que a Xerencia sempre tivo a vontade de negociar, de chegar a acordos. Quere deixar claro que con este proceso, no caso dos funcionarios, se dá seguridade ao persoal, se estruturalizan trece postos de traballo. No caso do persoal laboral, son trinta e cinco postos de traballo os que pasan a ser estruturais. Fai fincapé o xerente en que iso é crear postos de traballo fixos, e non se pode dicir o contrario: son 48 postos en total que se estabilizan nunha administración pública, polo tanto, estamos diminuindo a eventualidade, crecendo en postos fixos, o cal nestes tempos non se pode dicir

doutras administracións. Isto é indiscutible, finaliza, é así se pode comprobar na documentación que obra no poder deste Consello de Goberno.

Insiste novamente en que a construción da RPT se fixo en coordinación cos responsables de PAS, e en moitas ocasións tamén acudiron ás reunións os postos bases de determinados ámbitos e áreas, segundo o criterio organizativo que cada responsable considerou oportuno. E non foi só unha reunión por ámbito. Nelas, cada un trasladou a súa opinión, pero é evidente, di o xerente, que algunhas desas opinións son diverxentes, polo que non é posible a incorporación de todas.

O xerente indica que non lle parecen correctos os comentarios realizados sobre o Servizo de Alumnado. Explica que a división en tres deste servizo recolle a opinión e a proposta do xefe de servizo e dos xefes de sección, entre outras persoas, e por iso se plasmou así na proposta de RPT, porque eles son os que mellor coñecen como se traballa no servizo. Subliña, que tamén está recollida así na proposta que formularon dende a Xunta PAS. E aínda que hai unha diferenza, eses servizos centrais se trasladan tamén aos ámbitos e os campus, e iso é descentralizar. Por iso se crea unha área específica para grao e unha para posgrao, inténtase achegar a administración aos administrados, non se pode dicir o contrario. E, remarca o xerente, isto é polo que estamos apostando: na área académica, dotándoa de especialización, na área económica que xa estaba, creamos un ámbito específico de investigación. deste xeito se achega a xestión específica aos campus e os ámbitos.

En relación co desmantelamento do campus histórico, desminte que exista unha diminución do 86% das prazas. E fai referencia á propia realidade histórica da sede cidade: antes había dous centros, e agora hai só un, a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, xa que a Escola de Enxeñaría Industrial forma parte dun conxunto. Os postos de traballo que se asignan á Escola de Enxeñaría Industrial deberán dar servizo a tódalas instalacións que existen. distribuíndoos axeitadamente consonte as necesidades. O xerente propón que a modo de exemplo se analice a proposta que realiza a Xunta PAS para ese campus histórico.

Prosigue o xerente explicando, en base a unha proxección (que se xunta como **Anexo VIII**), como é a RPT actual no ámbito tecnolóxico e como queda na proposta actual da Xerencia, comparándoa tamén coa efectuada pola Xunta PAS; e conclúe que baseándose na proposta da Xerencia non se pode falar de desmantelamento. A actual RPT do ámbito tecnolóxico conta con 35 postos de traballo e a proposta pola Xerencia eleva os postos a 40 (a proposta da Xunta PAS os diminúe a 31), sen prexuízo do incrementos de niveis produto da maior especialización e nivel de responsabilidade contidos na proposta da Xerencia.

Responde ao profesor Rodríguez Berrocal dicindo que sempre que solicitaron unha entrevista e reunión se lles atendeu e se contou coas súas achegas; e sempre que pediron explicacións se lles facilitaron.

Para completar a resposta intervén o vicerreitor de Economía e Planificación, xa que estivo nas reunións cos directores de departamento. Menciona que xa nas propias xuntanzas agradecera o ton que se empregou nas mesmas, destaca que había unha certa sintonía de fondo en relación co cambio de funcións e, polo tanto, o cambio de actividade no departamento. E destaca que nesas reunións o profesor Rodríguez Berrocal foi o máis comprensivo coa proposta presentada. Pero que, finalmente, non chegamos a un acordo porque cando se abriu o proceso de contrapropostas xa quedou claro que o que se pretendía por parte dos directores de departamento era manter singularizado un número moi elevado de administrativos, vinculados exclusivamente aos departamentos, que impediría unha boa parte da reforma da RPT que se estaba desenvolvendo.

O vicerreitor di que iso foi o que sucedeu nas xuntanzas cos directores de departamento, entende que hoxe se produza un cambio de ton, pero foi o que aconteceu.

O xerente pasa a responder ao Sr. Federico Fernández, en relación co tema das urxencias dos prazos na negociación. Non entende que se diga que non se coñecían os prazos, cando estes xa eran así no anterior plano de financiamento, e no actual se mantén. Lembra que son documentos oficiais publicados no DOG, que deben ser coñecidos por todos, incluídos os representantes sindicais, sen prexuízo das reiteradas ocasións a que se aludiu a ditos prazos no proceso negociador. Ademais aparecen nun enlace na memoria económica que acompaña a proposta de RPT. Neses documentos establécense os prazos para o envío do importe da masa salarial e para o envío das modificacións. E. repite, que estes prazos eran coñecidos

dende o principio. E foron comentados en diversas mesas. O xerente di que se podería entender que tendo comezado un proceso de negociación en xaneiro do 2015, se diga que é precipitado pechar un acordo en xuño do mesmo ano. Pero tratándose do mes de xullo do 2016, o prazo parece extenso e suficiente.

En canto ao proceso de negociación, insiste o xerente en que claro que se negociou e, aínda que xa se tratará no punto seguinte, concretamente co Comité de Empresa de Pontevedra, de maneira especial. Lembra que a proposta de RPT- laboral fíoi presentada o 30 de xullo de 2015, e a alternativa do comité de empresa de Pontevedra presentouse o 10 de novembro de 2015. As propostas se discutiron e, como consecuencia da negociación, a Xerencia modificou a súa proposta inicial, como se pode comprobar comparándoa coa proposta final. Considera que non se pode negar a negociación, os postos, as responsabilidades, a configuración e a estruturación foron mudando ao longo dese proceso. E iso é negociar, prosigue o xerente. Recoñece que non se acadaron o cen por cen das propostas sindicais, pero si se incorporaron moitas delas. Pero se o Comité de Pontevedra achegou a súa proposta en novembro de 2015, o Comité de Ourense o fixo o 1 de xuño de 2016, 15 meses despois.

En relación co tema das actas sen asinar, insiste en que se redactaron, enviáronse en borrador para facer alegacións oportunas e, de formularse, se incorporaron e se remitiron novamente antes da seguinte reunión para que se poidan asinar na seguinte reunión, o que non pode e obrigar a ninguén a asinar se non quere.

Responde ao Sr. Luis Pérez afirmando que por suposto que os actos administrativos afectan ás persoas. Pero a proposta que aquí se trae permite estabilizar 48 prazas máis na Universidade, prazas que se estruturalizan nas RPT, ademais das oportunidades de promoción que estas RPTs van permitir.

En canto ao profesor Reigosa, non lle pode responder, xa que, como el ben di, non son cuestións técnicas. O profesor Reigosa indica que era un comentario dirixido ao reitor. Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación, agradecendo o comentario acerca da capacidade de negociación e de consenso do reitor. Con respecto ao manifestado en relación ao modelo organizativo, non queda claro porque non ve o modelo proposto, xa que tampouco realiza unha crítica clara dos motivos.

Finalizada a rolda de réplica, o reitor abre unha última quenda de debate, no que solicitan participar o Sr. Cebro Rodríguez, o profesor Álvarez Villamarín e o profesor Rodríguez Berrocal.

Intervén o Sr. Cebro solicita desculpas por terse alterado anteriormente, pero non lle parece axeitada a intervención do xerente: di que eles presentaron a súa proposta da RPT, non se lles deu a posibilidade de explicala e agora pretendía sacala para explicala aquí. Non lle parece xeito de actuar. Ao igual que o tema das actas. Explica que estes días a secretaria de Xerencia o chamou para asinar as actas, pero sen convocalos para unha xuntanza. Preguntou se podía enviar as alegacións, dixeron que si e así llo trasladou á secretaria da Xunta PAS. Pouco despois estaban as actas colgadas na web sen as alegacións.

Prosigue comentando a falta de negociación. Di que se unha das RPT viñera co informe favorable e outra non, entenderíase que houbo falta de entendemento cunha das mesas de representación. Pero veñen as dúas RPT con informe negativo, sen acordo, por primeira vez na Universidade. En canto á división do servizo de estudantes, explica que é certo que mantiveron a división, para achegar posturas, pero o que non fixeron fíoi establecer postos intermedios de xefatura de área. Pero di que a Xerencia non se moveu da súa postura inicial, os cambios introducidos son mínimos.

Diríxese ao reitor, e di que con membros do seu equipo chegaron sempre a acordos; que amosaron carácter dialogante porque queren dar solucións aos problemas da casa. Explica que no caso das dúas xefaturas de servizo, tiña que estar de acordo necesariamente, xa que foi el quen deu a solución.

Destaca novamente a necesidade de concursar, di o xerente que en Ourense estabilizan a 35 de 41, pero teñen que concursar, insiste: menos servizos a comunidade, decanatos e departamentos (aquí tamén), os demais teñen que facelo, porque se bonifican as funcións. E en Pontevedra pasa o mesmo. En Vigo acontece menos porque hai máis prazas.

Traslada ao Consello de Goberno que, como se aprobe a RPT, non se volven a sentar a negociar con este equipo. Non van a participar na execución, non van estar na mesa de funcionarización. A partir de agora,

“irán polo libro”. Tal vez deixamos algunha cousa, como as contratacións que se están facendo que non pasen pola comisión de emprego etc., e avisan de que presentarán recursos.

Finalmente, diríxese aos membros do CG e di que pensen que se varían condicións de traballo; que hai despedimentos; que todo o que está agora por riba da RPT se vai á rúa; que hai 170 compañeiros que teñen a obriga de concursar, sen garantía de manter categoría e campus; 72 supresións de postos. Insiste en que son persoas as que están detrás dos números. Pide que voten en contra da RPT.

Intervén a continuación o profesor Rodríguez Berrocal. Explica que cando asistiron á reunión que se mantivo co xerente, o vicerreitor e a secretaria xeral pensamos, sendo persoas coñecedoras da xestión, que tiñamos que facer un esforzo, e o punto clave era singularizar ou non os postos de persoal de administración dos departamentos. E entendendo isto, na primeira reunión se fixo un esforzo moi considerable, pensando que podería lograr o obxectivo de manter algúns postos singularizados liberando algún persoal para outras funcións. Neste punto era onde había o máximo consenso. En nunha segunda reunión que mantivemos, o esforzo dos directores de departamento era relativamente curto, el pediu máis. Pero o problema foi que se realizou unha formulación insultante, na que se viña a dicir que nos departamentos practicamente non se movía un papel e, segundo a Xerencia, se fixo un estudio de si sería posible manter a singularización e só se podería singularizar a nove persoas de corenta e tres. Unha proposta de nove persoas para 47 departamentos é insultante, estima o profesor Rodríguez Berrocal. Estábase falando con directores de departamento, que teñen experiencia, que teñen responsabilidades na xestión, nesas circunstancias di que non podía pedir un esforzo maior. El propuxera reducir, como mínimo, a un terzo o número de persoal singularizado ao departamento, de maneira que houbera sobre 15 persoas para que puideran ir a outros postos necesarios segundo a RPT. Pero co total de 9 para todos os departamentos, significaría que un administrativo tería que levar máis de cinco departamentos, e iso resulta inaceptable. Polo tanto, manifesta que na súa opinión a decisión xa estaba tomada, e que o concepto de diálogo do Equipo de Goberno consiste no “dime o que te dea a gana, que eu direiche o que me apeteza”.

Prosigue o profesor Rodríguez Berrocal expoñendo como contraexemplo o que se aprobou no último Consello de Goberno. en relación co procedemento para contratación de persoal con cargo a proxectos. presentado pola Vicerreitora de Investigación e a Vicexerencia de Recursos Humanos. Destaca que nesa ocasión o procedemento foi impecable, tanto que felicitou ao Equipo de Goberno, a pesar de que no seu grupo de investigación afecta a 4 persoas, que levan traballando no seu equipo dende hai máis de oito anos. Esas persoas van ter que concursar, pero a pesar diso votou a favor, e foi aprobado por asentimento, porque esa proposta foi presentada dende o principio, indicando cales eran os marxes de manobra e se pediron suxestións, que foron admitidas practicamente na súa totalidade. Polo tanto, nese caso o que hai que facer é aplaudir e colaborar para que a Universidade siga adiante. Pero, neste caso, quedou claro que había un modelo que se ía implantar si ou si.

O vicerreitor de Economía e Planificación agradece a explicación máis detallada que, en efecto, se achega máis ao que pasou. Quizás, di que a proposta inicial do equipo era restritiva en función da reorganización que se propoñía para dar servizo ao departamento, abriuse a outras posibilidades. Pero como vostede dixo a proposta dos directores de departamento estaba moi lonxe do resultado que o equipo entendía que era imprescindible acadar de aí encallou a negociación. Iso foi o que aconteceu.

O reitor cede a palabra ao profesor Álvarez Villamarín, quen comeza dicindo que non tiña pensado intervir, porque hoxe era un día triste, sentimento que xa tiña hai uns días. Estes temas son sempre emotivos porque hai persoas. Isto é o normal, pero fóra diso, desexa facer unha reflexión. Tras escoitar a Luis Pérez, quere dicir que hai que votar, pero si cabe a abstención, mesmo a abstención pasiva, non estar aquí. Nun réxime democrático hai que respectar o voto, que pode ser equivocado, pero hai que respectalo.

Aínda que non é especialista en RPT, polo que non pode entrar no detalle, pero quere facer a súa reflexión. Explica que tivo experiencias administrativas durante anos, foi secretario de departamento durante trece anos. O seu departamento foi un dos afectados por unha proba, un experimento de descentralización, de unha unidade de xestión colectiva dos departamentos, desingularizada. Expresa que, con sinceridade, non tivo a impresión de que se perdera eficacia ou o bo ambiente, en absoluto. Nin tivo esa sensación nun momento no que os departamentos tiñan moitísimos cometidos e non había ferramentas

informáticas de ningún tipo. Recoñece que a xefa que naquel momento asumira aquela función, Rosa, o fixo con moito entusiasmo, tanto que, na súa opinión, funcionou. Pero logo houbo unha valoración, tanto do PAS como do goberno, e naquel momento acordouse que esa liña de traballo non era aceptable. E tamén o asumiu. Polo tanto, un dos cambios que se propoñen nesta RPT, a el persoalmente non lle sorprendía, porque el xa tivo esa experiencia durante un par de anos.

Con respecto doutro dos cambios do modelo actual, o campus histórico, el xa ten manifestado noutros Consellos de Goberno en repetidas ocasións que está de acordo coa desaparición do centro Escola de Comercio, aínda que cre que é a única persoa que o di na Universidade. E, polo tanto, opina que o PAS que está nese centro podería colaborar noutras funcións, e tamén ten a súa opinión ao respecto. Polo tanto, esa outra modificación proposta tampouco lle estraña que se faga así.

Con respecto á división en tres ámbitos do servizo de alumnado, manifesta que é a modificación que lle parece máis significativa e novidosa deste documento; comenta que cando preguntara aos PAS que coñecía do servizo de alumnado, deulle a impresión de que a introdución dos graos, todo o cambio que significaba o posgrao e a tramitación dos expedientes xeraba un lío importante, polo que a división parécelle unha posibilidade correcta. Pódese probar, xa que el entende que a RPT é unha proba, certamente con consecuencias. Dito iso, este cambio administrativo como modelo organizativo, sen entrar aínda nas consecuencias persoais, non lle producía desacougo. Respecto da valoración que fan os traballadores desta casa, di que non pode entrar a contestar ningunha das cousas que se teñen dito. Vaia por diante a súa máis alta valoración ao traballo que realiza o persoal de administración e servizos e, polo tanto, respecto total aos traballadores. Por iso, recoñece que lle doe algunha das cousas que se dixeron aquí. Insiste en que el non está para despedir a ninguén. Pero como profesor, do que sabe é de administración pública, e dende hai moito tempo defende publicamente que a Universidade se equivocaba ao non ter unha RPT actualizada. Pero unha RPT do 2000, que se foi enchendo de parches, un negociado aquí, outro alí, a veces aprobado porque había que favorecer a alguén.... Ten claro que un conxunto de parches non pode ser unha solución. Hai anos que esta Universidade necesita unha RPT nova, e por iso vai votar a favor. En principio, este modelo non lle parece mal, por suposto que queda a execución. Pero coñece a traxectoria dalgúns membros do Equipo de Goberno, e máis de preto, de tres, e explica que el se fía porque os coñece e deron proba reiterada da defensa dos seus dereitos.

Finalizada a rolda de intervencións, antes da votación, o reitor quere transmitir a visión que ten da proposta da Xerencia que, desafortunadamente, non chegou ao acordo. En primeiro lugar, quere desdramatizar porque entende o mundo das impresións, das sensacións, do medo e das inxerencias. En segundo lugar, pensa que non nos estamos entendendo ben, ou estamos a confundir dúas realidades distintas. E isto o di porque vai poñer enriba da mesa o seu compromiso sobre as consecuencias que algúns cren que pode ter aprobar unha RPT. Hai que lograr encontrar as canles, porque logo das intervencións está claro que na comunicación de 18 meses non se logra harmonizar as linguaxes e acadar o entendemento entre os interlocutores.

A primeira cuestión que destaca o reitor, e na que todos parecen estar de acordo, é no desfase no modelo organizativo, e que é necesaria unha nova RPT. Por iso, neste segundo mandato, e dadas as dificultades do primeiro: restricións económicas, limitacións legais fan que a autonomía que podemos ter na negociación está máis reducida, e hai que comprendelo. Dentro deste marco, o reitor prometera que se iniciaría unha negociación. Pasados os 6 meses foi evidente que necesitaban máis tempo. Por ese motivo, explica o reitor, non se aproveitou a oportunidade lexislativa do xullo pasado de presentarlle unhas contas á Xunta para que a Facenda Pública nos autorizara un incremento na masa salarial. Vendo que o proceso de negociación estaba moi verde, pediulle ao xerente máis tempo e máis negociación, por iso se alongou a 18 meses.

O reitor pon de manifesto que a súa responsabilidade é intentar facer unha RPT, a pesar de que a solución máis cómoda, ante a falta de acordo, sería non facer nada. Pero como reitor sabe de forma clara que temos unha oportunidade única en bastantes anos de aproveitar para ampliar o persoal de administración e servizos consolidable e intocable. E dicir, estabilizar as persoas.

A relación de postos de traballo recoñecida pola Xunta de Galicia é “x” e nós incrementamos en 48 postos, 13 funcionarios e o resto é laboral. O que estamos pasando é dun cadro de persoal que vale x a

outro que vale x+y. Di o reitor que a todos nos gustaría poñer xa neste novo cadro todos os postos que están por riba da RPT, para consolidar a todo o persoal. Pero chegamos ao límite máximo que nos ían autorizar: quedamos a oito dos que estaban por riba da RPT en funcionarios e a uns cantos de laborais. Iso non quere dicir que non queden aínda postos por riba da RPT. E, como reitor, pode dar garantías de que se esta RPT se aproba o proceso é o seguinte

Os postos nos que se incrementa a RPT son para cubrir expectativas de concursos, xa que as interinidades non son unha forma de entrar na función pública, hai que opositar. Por iso, non entende que os representantes sindicais non traballen na execución da RPT, porque é unha maneira de evitar os problemas da xente. Entende que os representantes intenten amarrar ao máximo todas as posibles consecuencias dunha nova RPT. Pero o dilema que temos diante é: aproveitamos esta oportunidade ou a perdemos nese intento de amarrar.

O reitor insta a que se negocie a execución; pódense acadar acordos que suavicen os cambios, realizar a adscrición dos postos, aínda que teñan distinta denominación, por acordo conxunto. Haberá casos nos que sexa imprescindible pola lei da función pública, porque non ten a praza en propiedade, ou porque ten outro destino, facer un concurso de méritos. Neses casos podemos favorecer todo o posible para cubrir as expectativas da xente. Insiste o reitor que non se despede a ninguén. E aquí ninguén pode dicilo, sobre todo cando se está mantendo postos por riba da RPT. Outra cousa son os dereitos individuais de persoas que estea ocupando un posto de interinidade, e un proceso de promoción lle ocupa a praza, nese caso tería que volver ás listas. Pero iso, di o reitor, é lei de vida na función pública. Non podemos quedarnos inmóbiles por estes movementos.

Diante da situación de perder esta posibilidade considerou que era conveniente traer este tema aquí, e o debate tiña que producirse porque non podemos manter un modelo que non se axusta a realidade. E salvo por dous puntos moi concretos, aquí non se discutiu o modelo proposto, só as consecuencias da súa execución. Insiste o reitor que esa execución se pode negociar para minimizar o impacto nas persoas a nivel de mobilidade, de postos de traballo.

Con respecto da petición do Sr. Cebro e algún membro máis, de realizar unha votación nominal, o reitor indica que debemos aternos ao artigo 13.2 do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, dá lectura ao mesmo: “2. *As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, ou secretas. Serán secretas cando o solicite algún membro presente do Consello de Goberno ou cando afecte nominalmente a persoas*”. En base a este regulamento, o máis que nos podemos achegar á súa petición é realizar a votación a man alzada.

Realízase a votación, obténdose un resultado de 21 votos a favor, 11 en contra e 1 abstención.

O Sr. Xan Cebro e os profesores Reigosa e Rodríguez Berrocal solicitan que conste en acta o seu voto en contra.

4. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos.

O reitor cede a palabra ao xerente da Universidade de Vigo, quen, co apoio dunha presentación informática (**Anexo IX**), vai introducir os principais aspectos relativos á proposta da RPT do PAS laboral.

Comeza destacando os principais fitos do camiño percorrido nese proceso que conduciu ata esta proposta. Iniciouse o proceso o 17/7/2013 cun escrito do Comité de Empresa de Pontevedra a Xerencia no que solicitaba a inmediata posta en marcha da negociación dunha nova RPT e do proceso de funcionarización do PAS laboral en cumprimento dos seus compromisos (**Anexo X**). Este pedimento foi incorporado ao programa co que se presentou as eleccións o Equipo de Goberno, transformándose nun compromiso do Reitor.

Informa que o 29 de xaneiro de 2015 constituíuse a comisión negociadora da RPT do PAS laboral e o 9 de febreiro a Xerencia achega os criterios para a elaboración da RPT do PAS Laboral e o 12 de febreiro o Comité de Empresa de Pontevedra achega as súas liñas básicas para acadar acordos no proceso negociador (**Anexo XI**). O día 8 de xullo chegouse a un acordo entre Xerencia e os representantes da CIG

Pontevedra e de CCOO Pontevedra sobre a estrutura de xefatura e coordinación do PAS-L da UVigo, para favorecer o desenvolvemento da RPT (**Anexo XII**). O día 8 de setembro de 2015 ten lugar a primeira xuntanza da comisión de Estudo da Funcionarización só entre a Xerencia e os comités de Empresa de Ourense e Pontevedra, xa que era preparatoria para o proceso de funcionarización e, finalmente, o día 11/3/2016 constituíuse a Comisión Tripartita (xa coa presenza do PAS funcionario) para a funcionarización do PAS Laboral. De todos estes procesos infórmase puntualmente ao conxunto da comunidade universitaria, e especialmente aos colectivos implicados. As actas de cada unha das reunións e os resultados das mesmas están dispoñibles para público coñecemento na páxina web da Universidade.

Explica que se negocian as dúas RPT xuntas para poder chegar a un punto no que poidamos casar as dúas e favorecer a demanda dos traballadores a prol da funcionarización. O obxectivo final será obter unha única RPT de persoal funcionario, na que se integrará o persoal laboral e na que, aquel que con carácter voluntario o desexe, poida optar a funcionarizarse.

Prosegue expoñendo o xerente que, tamén no ámbito do PAS laboral, propónse un novo modelo organizativo, no que o traballo se estrutura en áreas ou unidades. Realízase unha incorporación importante de postos de traballo á RPT e, destaca, nalgunhas áreas de traballo as responsabilidades recaen no persoal laboral fundamentalmente, aínda que tamén exista persoal funcionario traballando nelas (Biblioteca, Cetros de Apoio á Investigación, Área de Calidade etc.) Deste xeito, créase unha estrutura de niveis, que non existía neste ámbito, pero si no funcionario. A diferenza do PAS Funcionario a meirande parte do PAS Laboral estaba na súa categoría de base. Unha das cousas que se acordou cos traballadores e traballadoras foi precisamente a posibilidade de crear unha estrutura de responsabilidades que facilitara a ordenación do traballo e unha posibilidade de promoción.

Destaca a continuación os aspectos máis significativos da estrutura en áreas proposta.

- Defínese unha área Institucional que é transversal a toda Universidade que depende do reitor ou do Equipo de Goberno, na que se inclúen: Igualdade, coa creación dunha praza de técnico superior de igualdade que constitúe unha aposta da Universidade; Innovación Educativa, na que se consolidan dúas prazas que agora están por riba da RPT: Normalización Lingüística e Relacións Institucionais.
- Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions, na que acompañando ao director crease unha praza de subdirector, e cuxo traballo ordénase en: área de atención ao usuario e equipos persoais (SAUM, desagregada por Campus); unha área de soporte á xestión e integración de aplicacións (software); e un área de operacións (servidores, seguridade, infraestrutura). Nesas áreas se definen varios niveis de responsabilidade ata a data inexistentes.
- O Servizo de Extensión Universitaria, no que se diferencia a área de benestar, saúde e deporte na que se crea unha dirección técnica, e dous postos de responsabilidade, un en Ourense e outro en Pontevedra, e a área de cultura, na que se manteñen os técnicos que están agora.
- Oficina de I+D, a aposta da Universidade pola investigación maniféstase na RPT, créase unha dirección técnica e dous postos de responsable, para as dúas áreas nas que pasa a diferenciarse o traballo da Oficina: a de Promoción e a de Valorización. A máis, contan con PAS funcionario para o desenvolvemento das tarefas administrativas xerais.
- Explica o xerente que na mesma liña de aposta pola investigación e a transferencia se crea unha praza de Director/a para os centros de apoio á investigación: CACTI, CINBIO, ECIMAT, MTI e CITI, a máis doutras prazas, xa que nestes centros é onde se produce un incremento máis notable das prazas que se están consolidando nesta RPT, son postos moi específicos para as funcións que desenvolven, pero moi necesarios. Parte delas xa fíguraban por riba da RPT e outras son novas.
- Biblioteca: Explica que se estrutura en catro grandes ámbitos, Lagoas-Marcosende, Torrecedeira, Pontevedra e Ourense, favorecendo o traballo en equipo e a flexibilidade no desenvolvemento das tarefas.

- Calidade: área con catro técnicos de calidade, un deles accederá á praza que se crea de responsable de Calidade, xerarquización necesaria. A máis contan con PAS funcionario para o desenvolvemento das tarefas administrativas xerais.
- Relacións Internacionais: créase unha dirección técnica (ORI), aparte do técnico existente e refórzase no PAS Funcionario o soporte administrativo que teñen, nese ámbito dotase unha xefatura de área, dúas xefaturas de negociado e dous postos base. Téntase crear unha estrutura que permita o traballo conxunto afondando no que xa se está a facer agora.
- Prevención: créase un posto de responsable e un técnico de prevención. A maiores, coma noutros casos, contan con PAS funcionario para o desenvolvemento das tarefas administrativas xerais.
- Servizos Xerais: créase unha unidade que albergan as funcións que teñen difícil encaixe: medioambiente e parque móbil. Como noutros casos tamén ten soporte administrativo a través da RPT de funcionarios para as tarefas administrativas mas xerais.

Pasa a continuación a detallar como se estrutura o apoio aos Centros, este apoio se realiza dende dúas vertentes: a través dos Servizos xerais e a través do persoal técnico. Neste último, consolidanse tres postos e se crea outro nos centros de traballo. Consolidase un posto no ámbito tecnolóxico, de electrónica; dous postos no ámbito científico e se crea un posto de audiovisuais en Pontevedra, Belas Artes. Tamén se crea unha praza de ATID na área de deportes de Pontevedra, para atender as instalacións vinculadas á Facultade de CC de Educación e Deporte.

E dentro do que constitúe o apoio dos servizos xerais (conserxerías, auxiliares de servizo, etc.) constitúense grupos de traballo mudando parte dos que hai agora (como se aprecia na presentación) nos tres campus. En todos os campus se crean unhas unidades de servizos xerais de apoio que son onde se incorporan unha serie de persoas a maiores para cubrir as necesidades puntuais sobrevidas: ausencias, traballos non habituais, etc.

Tras esta presentación realiza un resumo dos cambios propostos cos datos cuantitativos que amosan unha comparación entre os postos en vigor e a proposta da RPT. A nova RPT supón un total de 351 postos, cun crecemento de 35 postos fixos de traballo e cun incremento na masa salarial e 1.266.140 euros, esta é a realidade, subliña o xerente.

Finaliza a súa presentación resaltando tres compromisos de futuro:

- Atender as novas necesidades que xurdan (dotación para os novos centros que se abran: Berbés, Benito Corbal, Aeronáutica. ETEA...).
- Estudar a posibilidade de melloras na equiparación salarial do persoal con categoría de Técnico Especialista en Servizos Xerais, cando se aborde a funcionarización, pola responsabilidade que ten nos grupos de traballo que se describiu antes.
- Impulsar o proceso de funcionarización do PAS laboral, como resposta ao pedimento que se realizou.

O reitor abre unha quenda de intervencións na que solicitan intervir D. Luis Pérez, D. Federico Fernández e o profesor Rodríguez Berrocal.

O Sr. Luis Pérez manifesta que onte, día 21 solicitou por rexistro intervir como presidente do Comité de Empresa de Ourense, e non recibiu resposta. Explica que agardou ata o último día, xa que esperaba que fora invitado polo reitor. Responde o reitor que non se recibiu o seu pedimento. O representante do PAS-L explica que quere distinguir entre a súa intervención como presidente do comité e como membro do Consello de Goberno.

Como presidente do Comité explica que aínda que intúe o resultado da votación, quere facer algunhas precisións de tipo formal dirixidas ao xerente. Indica que na reunión do día 21. entregáronlle a acta nº 20 e unha documentación que el asinou como Pte. do C.E., e ante a pregunta de se podía facerse pública. el manifestou que se publicara unha vez estivera aprobada a acta correspondente, como viña sendo habitual. Manifesta a súa sorpresa cando o 28 de xuño se publicou a documentación correspondente á reunión nº 20 sen comunicación previa. É un aspecto formal. pero considera esencial que se cumpra o acordado. Nese

mesmo día, recibiu un borrador de actas coa posibilidade de presentar alegacións, pero o 4 de xullo habería unha reunión co C.E. de Pontevedra para asinar as actas. Non entende o procedemento que se esta a levar, xa que a negociación se estaba a levar cunha comisión formada por representantes dos dous órganos. Diante diso, nunha asemblea que se celebrou no campus de Vigo, interveu manifestando que lle parecía impropio, e finalmente esas actas non se asinaron, e non se volveu a convocar a comisión para a súa sinatura. Os comités entenderon que era unha actuación que pechaba as negociacións. Solicitaron un aprazamento do informe, en base a que non estaban asinadas as actas e non estaba convocada a comisión negociadora, en base a que había modificacións substanciais das condicións de traballo que se debían negociar previamente, fóra do ámbito da negociación da RPT, e faltaba unha memoria xustificativa do cambio de denominación de categorías.

Engade que a documentación que se envía para este Consello de Goberno non coincide coa da mesa negociadora, entende que se trata dunha irregularidade manifesta. Fai referencia aos requisitos mínimos dunha RPT que marca o artigo 38 da EBEP, un dos elementos é un código alfanumérico que non aparecía na documentación da mesa, e curiosamente aparece agora. Do mesmo xeito, outro requirimento son os complementos salariais do posto, que non figuran na RPT, polo que entende que, formalmente, esta RPT non se debe aprobar hoxe.

Respecto da Biblioteca, di que cando preguntou na mesa de negociación se a RPT de Biblioteca era unha proposta da Xerencia ou do servizo, respondéronlle que era da Xerencia. Manifesta que, ata onde el sabe, o servizo da Biblioteca non a comparte. Solicita que se aplique a doutrina de actos propios: No Regulamento da Biblioteca, aprobado polo Consello de Goberno, establécense os pasos para discutir os equipamentos de infraestrutura, así como de persoal das distintas bibliotecas. Manifesta que na comisión de biblioteca do campus de Ourense nunca se trataron as necesidades de persoal. Engade que tras ese paso previo, hai un segundo paso, consistente en que o director da Biblioteca traslade á Xerencia as necesidades de persoal e que non se cumpriu. Entende que debe retirarse este punto da orde do día, en base á devandita doutrina, xa que o Consello de Goberno non pode aprobar unha RPT que incumpre o procedemento indicado no Regulamento da Biblioteca, aprobado polo propio Consello de Goberno.

Engade que a estrutura que se propón para biblioteca non é novidosa, como di o xerente, xa que a biblioteca Universitaria ten catro Bibliotecas e diversas salas de lectura. Esas catro son o que agora se denominan Ámbitos: Central do Campus de Vigo, Torrecedeira, Pontevedra e Ourense, como se recolle no Regulamento da Biblioteca. Unido a isto, nas mesas de negociación sinalou que se falaba de reasignación de efectivos, figura que recolle a lei da Función Pública e que é o persoal que supón un maior custo. Pero, afirma que este non é o caso. Que en Ourense se produce unha amortización de 2 prazas de RPT e quen cesan nesas prazas son persoas que están nunha interinidade en vacante, que non se cubre pola RPT senón por un concurso futuro. Polo que as persoas que están nesa interinidade, que están na posibilidade de opositar para lograr esa praza, perden dita posibilidade. Non é polo tanto unha reasignación de efectivos, é a amortización de dúas prazas en Ourense e a creación de 2 prazas no Campus de Vigo. E engade que estas dúas prazas van a dous ámbitos concretos, ao Tecnolóxico e ao de CC. Experimentais, nos que hai 3 salas de lectura. Destaca que unha vez que se incorporan esas prazas, pasarían a ter 11 efectivos, mentres que na biblioteca central do campus de Ourense quedarían 12. En base aos datos que manexaba Xerencia na mesa de negociación e que non son públicos, a ratio para esas tres salas supón 2/3 da actividade da que ten a Biblioteca Central de Ourense. Esta situación a expuxo claramente durante a negociación.

Ademais, fai referencia a que se introducen modificacións substanciais das condicións de traballo, e lembra que, a non ser que se negocien e acorden, só se poderían incluír a través do Convenio Colectivo, xa que a lei da Función pública indica de xeito preciso que é necesario negociar coas organizacións sindicais.

Solicita que primeiro se valore a retirada do punto en base á doutrina de actos propios. De non ser así, proseguirá coa súa intervención.

Responde o reitor que o xerente dará resposta na rolda de réplica ás consideracións realizadas sobre os aspectos formais. Cede a palabra ao Sr. Federico Fernández.

Expón que a RPT do PAS laboral parte dunha argumentación compartida coa de RPT-PAS funcionarios. Como membro da comisión negociadora de dita RPT, dispón dalgún dato máis.

Volve a intervir o Sr. Luis Pérez que solicita a valoración da retirada do punto en base á doutrina de actos propios. Explica que, aínda que na súa exposición, ampliou un pouco máis o tema, desexa que primeiro se aborde este punto.

Establécese un debate de co reitor sobre se concorren os requisitos para unha retirada do punto. O reitor manifesta que o que indique dito regulamento non é vinculante para o debate da RPT. Que esta foi elaborada segundo os pasos legais para a súa redacción. Non estamos incorrendo en unha causa formal para eliminar o punto.

Unha vez respondida esa cuestión, o Sr. Luis Pérez continúa coa súa intervención. Entran no fondo da cuestión e concretamente no ámbito de representación que lle corresponde. Como presidente do Comité de Empresa de Ourense manifesta que a proposta do 2012 melloraba a presentada no 2016, a realidade do campus de Ourense do 2016 non é menor que no 2012. Polo tanto hai elementos subxectivos que non entende. Na proposta realizada se amortizan seis prazas, se crean 3 prazas, e unha, que estaba por enriba da RPT, non se crea no Campus de Ourense. Considera que esta é a realidade obxectiva en cifras, polo tanto o resultado é menos tres ou menos catro, en función de como se compute a praza por riba da RPT.

Comenta a continuación os tempos da negociación, na proposta de 2012 había una praza de técnico superior de I+D, no orzamento de 2016 vostede menciona no informe a creación dunha unidade de transferencia de coñecemento, pero na proposta da Xerencia non aparece dita praza. Aparece o día 1 de xuño?, cando xa era moi tarde, porque foi cando o comité presentou a súa proposta, que incorporaba esta praza. Na proposta do 2012 tamén había unha praza de técnico medio de relacións laborais, na área de conserxería se mantiña o número de efectivos e na de biblioteca aparecía unha praza a amortizar e unha a extinguir, supón que coa mesma filosofía que se empregou na deste ano para amortizar dúas.

Continúa expoñendo que non lle gusta traballar en base a sensacións e nas percepcións, gústalle negociar e traballar con datos. Débese analizar o volume de carga de traballo en xeral, débense definir os efectivos necesarios para esa carga de traballo e despois xa se decidirá como se organizan eses elementos. Ese proceso, di que non resulta familiar porque non se aplica ao PDI. A estes funcionarios públicos non se lles aplica este criterio porque a carga de traballo, ás veces, no define o número de efectivo porque, por exemplo, non existe a mobilidade entre campus a non ser que sexa voluntaria. Parece que os criterios deben ser distintos, pero el considera que a lóxica debería ser a mesma para ambos colectivos: carga de traballo-efectivos de traballo-estruturación desa relación.

Prosigue indicando que en Ourense os datos que se ofreceron de discusión, foi sobre un aspecto da biblioteca e empregando unha ratio comparativa que nese caso sae beneficiosa, pero que non era realmente onde ían as prazas que se amortizan en Ourense: un xeito de retorcer os números para que saia o que convén. Resume dicindo que en Ourense partimos de X, chegamos a X menos Y e sen entender por que.

A proposta que presentou o comité de empresa o 1 de xuño que foi feita así. E aínda que a Xerencia diga que era disparatada porque puña un número moi alto de prazas por riba da RPT, cun número de responsabilidade imposibles, está feita con coñecemento do teito de gasto, e foi o que se pediu dende Xerencia: unha proposta que cando menos cubrira os próximos cinco anos.

Di que, como explicou na mesa de debate, algunha das prazas estaban incluídas como elementos de debate, porque computaba prazas para recuperar funcións que están externalizadas, como dúas prazas para mantemento. Tamén se incluían prazas de transformación de grupos 3 a 2 porque consideran que ese pechou en falso a adicional nove do convenio actual, xa que como non houbo acordo, non se creou ningunha praza no grupo 2, cando a filosofía era lograr unha estrutura máis harmónica para que, chegada unha hipotética funcionarización, permitiría unha correlación máis lóxica. Entende que unha RPT deste calado é unha oportunidade para formular esa proposta.

A sensación que percibiu foi que cando se presentou esta proposta, non se contaba con ela. Explica que se comentou que para as prazas de Ourense, tres sesións de negociación abundaban e, seguindo o ritmo que

se levaba, en 3 semanas estaría debatida, sobre o 28 de xuño. Pero di que na seguinte sesión tiveron que forzar a reunión para discutila. E na seguinte, aínda que figuraba o debate da proposta na orde do día, o debate xa se centrou na última proposta de Xerencia. Repite que non o entende. Explica que hai aspectos que a parte sindical non pode poñer enriba dunha mesa, como o reitor entende, pero a parte institucional si pode e os representantes poden consideralo aceptable. Lembra ao reitor que no 2010 se falaba de “suar a camiseta” e de “facer máis con menos”, agora solicita que nesta situación, na que segundo se di, estamos a saír da crise, non entende que non se poida facer “máis cos mesmos” e cara aí encamiñaban a súa folla de ruta.

E así estaba debuxado, continúa explicando o Sr. Luis Pérez, porque agora que vaise construír o campus da Auga, e eles creaban unha unidade de traballo na área de servizos xerais, que era Biblioteca Central - Edificio do Campus da Auga-Servizos xerais do campus que lles parecía máis acaído. Manifestaron que non eran prazas para cubrir de xeito inmediato, pero si para un deseño de futuro, e o que si permitiría era salvar as prazas que se ían amortizar no campus de Ourense.

En canto a Biblioteca, explicaban que a proposta inicial de tres amortizacións era pouco razoable, porque provocaba que concursara todo o persoal da biblioteca e un deles tivera que vir a Vigo. Manifesta que, a posteriori, fixo unha intervención no Consello de Campus na que preguntou ao reitor se os traballadores do Campus de Ourense que tiñan praza fixa nel, foran funcionarios ou laborais, ían ter que trasladarse forzosamente e se lle respondeu que non. Esa resposta implicaba modificar a proposta. E ese foi, na súa opinión, o cambio substancial para o campus de Ourense, dende a primeira proposta á última, incluíndo a de TS de I+D e unha de técnico de servizos xerais de apoio ao campus. Neste caso a proposta era facer un cambio de quenda pero como se desaxustaba a estrutura a introduciron. Non foi a proposta do Comité de Empresa.

Considera que a discusión que se mantivo nas negociacións non afondou nos temas das necesidades de cada área, o regulamento de cada sitio, a distribución do persoal, temas que considera a base dunha RPT, senón que se trataron de xeito colateral.

Prosigue a súa exposición dicindo que cando se considera a RPT en conxunto, é difícil saber que prazas se crean, con número e nome, coa documentación que se aporta. Di que non é certo que se cambie a denominación das categorías porque levamos quince anos co mesmo modelo, porque hai prazas e categorías que se crearon no 2013 e agora se lles cambia de nome ou se lles quita un apelido. Tamén se redenomina prazas creadas no 2009. Pon exemplos dos cambios de denominación das prazas de Técnico superior de apoio a Investigación do campus de Ourense, que poderían levar a considerar equivalentes as prazas, cando en realidade realizan funcións distintas. Considera que as explicacións que se dan para os cambios son insuficientes. Por iso solicitaron un manual de funcións, unha memoria económica e unha memoria xustificativa dos cambios. Di que non recibiron dita información, polo que non se pode saber se o que se aproba é correcto. O demais é un acto de fe, engade, e como representante dos traballadores, non pode funcionar así.

Manifesta que o CG debe saber que o Convenio colectivo, no artigo 22 establece cales son os procedementos para o acceso ao traballo eventual. Indica que hai prazas que se van a transformar e outras que se van a crear que non cumpren eses requisitos, polo tanto vólvese a presentar a doutrina dos feitos propios: van a aprobar algo que vai en contra do conveniado e das normas básicas da administración pública principio de igualdade, de mérito e capacidade. Pregunta se houbo tempo suficiente para corrixir isto, si, pero non se fixo. Asume a parte da culpa que corresponde aos representantes dos traballadores por da súa culpa ao fallar na obriga de vixilancia. Engade que, a negociación tivo como aspecto fundamental o teito orzamentario, pero como non se lles entregou unha memoria económica, tampouco se pode valorar. Pero entre o día 1 e o 21 de xuño, o que aparece na proposta de Xerencia, como prazas novas son a dirección técnica dos edificios de infraestrutura científica e unha subdirección de servizos informáticos, non se entende coas limitacións orzamentarias que sempre se defenderon.

Remata a súa intervención o Sr. Luis Pérez dicindo que por todo o anterior, a súa postura en contra da RPT é clara e se reservan a posibilidade de levar a cabo as actuacións que estimen oportunas, xa hai aspectos de modificacións de condicións de traballo en relación coas aperturas nocturnas nos campus de

Ourense e Pontevedra que non comprende, porque son situacións puntuais que se deben resolver de xeito puntual. A situación creada nunha unidade na que todos os traballadores desa unidade teñan que concursar a esa mesma unidade lle parece esperpéntica. Declara que nesas circunstancias se recoñece unha incapacidade manifesta para negociar, que vai facer que poña o seu cargo á disposición dos seus representados e representadas.

O reitor cede novamente a palabra ao Sr. Federico Fernández que retoma a súa exposición indicando que parte da argumentación presentada en contra da RPT do persoal laboral é compartida coa RPT de funcionarios, porque as sinerxias foron equivalentes en ambos casos. Explica que tiña un documento preparado coa súa intervención, pero algúns feitos puntuais que se mencionaron aquí deben ser matizados, polo que vai comezar por aí.

Expón que sempre propuxeron sempre unha negociación vendo o novo plan de financiamento plurianual do SUG para o 2020, polo que con ese escalamento temporal podíase fórmular a transformacións de prazas. Pero, di que a Xerencia trasladaba que non se podían chegar a acordos que comprometeran máis aló de dous anos, que é o que lle resta a este Equipo de Goberno. É necesario decidir o prazo de previsión, subliña.

En canto a duración do proceso de negociación, quere salientar que mesmo o propio reitor ven de recoñecer que recomendou parar, recapacitar, e pensar que se pode facer. Polo que considera que non é que non sexan capaces de chegar a un acordo.

Comenta a continuación un aspecto relativo á transparencia do proceso, di que se lles presentou nun powerpoint unha información acerca da estrutura do persoal de laboratorios, e que foi solicitada pola parte sindical, díxose que se ía colgar co resto da documentación e non se fixo. En sucesivas reunións volveu a pedirse que se subira á rede, pero a día de hoxe segue sen estar alí, engade.

Outro dos temas puntuais que desexa abordar é recoñecemento da responsabilidade dos técnicos especialistas de servizos centrais que será recoñecido cunha funcionarización. O Sr. Fernández manifesta que se está tan claro que ese persoal debe ter un recoñecemento debe propoñerse aquí, para aínda que ese recoñecemento se faga de xeito periodificado. Non é normal dicir que se merece, pero ofrecelo a futuro e condicionado.

A continuación, pasa a dar lectura ao documento que se incorpora a este acta como **Anexo XIII**, e se resume a continuación.

Refire que na documentación que acompaña a proposta de RPT que se debate, non consta o informe negativo emitido democraticamente e por unanimidade do pleno do Comité de Empresa de Pontevedra, no que están representadas tres forzas sindicais. Indica que tampouco consta o informe da Xunta de Galicia en relación coa RPT. Avisa a súa vontade de facilitar o informe se o Consello de Goberno o desexa, a pesar de que a Xerencia o recibiu. Entende que ambos informes deberían acompañar á proposta da RPT xunto coas memorias económicas e de negociación.

Pregúntase se o Consello de Goberno está capacitado para mudar as condicións de traballo nunha RPT que non conta coa aprobación dos órganos de representación e se coñecen dito informe. Fai unha reflexión acerca do que é unha RPT, lembra a última que se aprobou e que xa se produciron demasiados cambios parciais, polo que xa é tempo de aproba unha nova. Di que as modificacións realizadas na RPT-PAS –Laboral foron parches debidos a falta de planificación e á necesidade de acatar sentenzas xudiciais.

Prosigue indicando que a calidade profesional e humana do cadro de persoal non se ve recoñecida nesta proposta, polo que o Comité de Empresa non pode apoiar unha RPT en contra dos lexítimos intereses do persoal. Subliña que sempre houbo intención de acorar, pero non a calquera prezo.

Afirma que a RPT que se presenta ante o CG non é a mesma que se levou á comisión negociadora, xa que nesta figuran os códigos dos postos de traballo. Apunta a posibilidade de que sexa por temor a unha posible xudicialización. Pregúntase tamén se o CG coñece que na RPT o persoal encádrase entre os grupos I a IV, sen apenas postos do grupo II. Considera que a proposta non contempla promoción horizontal nin vertical do persoal.

Aborda a amortización de prazas na biblioteca de Ourense e a indefinición dunha praza de TEB de Torrecedeira que figuran coa condición “a extinguir”. Considera que hai moitos aspectos que non están claros como o protocolo de actuación na reorganización dos postos de traballo, os criterios de mobilidade, a obriga ou non de concursar, e que son moitos interrogantes para tomar unha decisión á lixeira.

Destaca a pouca sensibilidade amosada no proceso de negociación en relación coa proposta de creación de TE de taller para a quenda de tarde en Belas Artes, que considera xustificada pola necesidade de atención aos estudantes e o seu traballo artístico. Comenta tamén a adscrición dun ATID á área de deportes, cando a necesidade da súa praza se orixina na Facultade de CC da Educación e do deporte

Continúa a súa exposición mencionando que na memoria económica se indica que os postos actuais provistos á marxe da RPT foron sometidos a avaliación, pero refire que non se coñece o documento resultante da mesma. Ademais de cuestionar a amortización dunha praza de Técnico especialista de Servizos xerais para crear unha de auxiliar técnico de servizos xerais, destaca que a creación de novos centros debe levar parella novo persoal: non se pode espir un santo para vestir a outro. Recoñece, iso si, o número de prazas que se consolidan dende a última RPT.

O Sr. Federico Fernández expón que o talante das negociacións reflíctese en dous parágrafos da acta 20, que aínda está sen asinar e aprobar, nos que a Xerencia e Vicexerencia indican que a proposta global da RPT é responsabilidade única da Xerencia e que escoitáronse aos responsables dos servizos e analizar as demandas, pero sen atender as de ningún colectivo en particular.

Finaliza a súa intervención lembrando ao CG que debería ratificar os acordos froito da negociación cos órganos de representación, non impoñelos. Pide que se faga constar o sentido voto de cada un dos presentes para esixir responsabilidades aos que por mor da súa decisión de aprobar a RPT provoque unha situación de caos e incertidume polo proceso no que nos veremos inmersos. Reitera que tomarán as iniciativas que consideren oportunas na defensa dos lexítimos intereses do persoal.

O reitor cede a palabra ao profesor Rodríguez Berrocal, quen expresa o seu desexo de que o Equipo de Goberno tivera a mesma paciencia na negociación que a que demostra na moderación do Consello de Goberno. Manifesta que dende o punto de vista dos departamentos, a proposta de RPT do PAS laboral adoece dos mesmos defectos que a do PAS funcionario. En concreto, afecta a los técnicos de laboratorio que antes estaban adscritos aos departamentos. Neste caso, nin sequera se fai unha redución de persoal, simplemente se desvinculan dos departamentos e se vinculan aos centros. En concreto nas tres facultades de CC experimentais hai 10 técnicos de laboratorio porque hai dez departamentos aos que estaban adscritos, agora pasan a estar vinculados ao centro. Considera que é unha decisión que non ten xustificación, xa que nin sequera supón un aforro. Non ten sentido académico. Lembra que estes técnicos están formados e teñen superada unha oposición en técnicas vinculadas a áreas de coñecemento e as áreas pertencen aos departamentos, de feito a proba práctica da oposición a puxo o departamento.

Transmite o profesor Rodríguez Berrocal a percepción que existe de que hai a intención de desmantelar os departamentos. A día de hoxe son órganos colexiados, que están na Lei de Universidade, compostos por PDI, PAS e representantes do estudiantado. Cando se leve a cabo a RPT, por primeira vez non haberá representación do PAS nos departamentos. Reitera que non entende esas decisións, a non ser pola vontade crecente de dicir que os departamentos non pintan nada.

O reitor cede a palabra ao profesor Bienvenido Diez. Explica que os compañeiros de UGT-Laboral lle pediron que dera lectura a un documento, pero antes quere manifestar que como representante sindical do PDI amosa a súa solidariedade cos PAS que poidan estar afectados por esta RPT. Como PDI admira a súa capacidade de mobilización para este tipo de actuacións, da que o PDI pode aprender bastante. Di que como PDI non ten claro como lle pode afectar a modificación da RPT, pero amosa a súa preocupación. Confía en que cando pase un certo tempo se valore a evolución e como ten afectado esta medida ao colectivo do PDI no traballo diario, xa que en ocasións realizamos funcións que pensamos que deber residir noutros colectivos. Espera que a decisión que se toma hoxe non resulte demasiado gravosa e que a brecha de convivencia que se abriu hoxe entre o Equipo de Goberno e os gobernados se subsane o antes posible, xa que prexudica notablemente o clima laboral.

Pasa a dar lectura do escrito indicado. “Hai traballadores cunha nova vinculación á Universidade que poden perder o seu posto de traballo, modifica de forma substancial as condicións dos traballo dos traballadores co único obxectivo de recortar e sen ter en conta a precarización do servizo nin as condicións laborais dos traballadores. Ao noso entender esta RPT está tecnicamente mal realizada e está por ver se cumpre a lexislación vixente. Esta RPT non prevé a promoción do persoal laboral del Grupo IV a III equivalente de C2 a C1 que agora recupera para o PAS funcionario. Tampouco a promoción dos Técnicos de Laboratorio e Informáticos, recollidos en el convenio de la adicional 9, equivalente C1 a A2. A Ausencia dunha estrutura que de pé a cumprir a lexislación de modo que se cree unha carreira profesional do PAS laboral se ve agravada pola ausencia total do Grupo II o que fai imposible o desenvolvemento dunha carreira profesional no caso de funcionarización. Pensamos que esta RPT precariza e nos condena a externalización dos servizos. Parece que o Equipo de Goberno quixo ser equitativo creando problemas en rodos os colectivos por igual, been sexa en conserxería, en informáticos, en biblioteca, etc. De feito a modificación do campus de Ourense e do campus histórico parece máis un desmantelamento que unha RPT. Calquera destas razóns abondaría para dicir Non. Comité UGT laboral”

Intervén novamente o Sr. Luis Pérez, para realizar unha matización, en relación con dous erros que considera que existen na RPT: primeiro que faltan por especificar as prazas de singularización funcional e, segundo, a praza de xestor de actividades culturais do Campus de Ourense que se lle cambiou a denominación, e non aparece recollida tampouco. Pide que se corrixan, xa que son erros materiais.

Cede a palabra o reitor ao Sr. Xan Cebro, que manifesta que a súa intervención anterior é aplicable tamén ao caso dos compañeiros de PAS L. Secunda o expresado polos representantes do PAS-L de que houbo un crecemento na Universidade no período entre 2000-2016, e que se fixeron modificacións puntuais nas RPT do PAS, tanto de funcionarios como de laborais, algunha delas de moito calado. Subliña que para dar servizo a esas novas funcións, foi polo que se contratou por en riba da RPT. Di que ninguén pon en dúbida a necesidade da reorganización, a necesidade dunha nova RPT, pero consensuada. Consideran que en ambos casos, non houbo negociación efectiva. Expón que o PAS laboral terá un proceso de funcionarización na que non van intervir, xa que supón que se desenvolverá entre comités e Xerencia porque, di que estarán vixiantes para cando veña a aprobación no Consello de Goberno. Destaca a situación do campus de Ourense tanto na RPT- PAS funcionario como laboral. Pregunta que fixo o campus de Ourense para que o desmantelen, insiste en que hai compañeiros que se van a rúa. Dí que non se pode facer unha RPT e logo dicir que se vai facer outra cousa. Finaliza pedindo o voto en contra da RPT laboral porque lesiona os intereses e as condicións de traballo do persoal laboral.

O reitor dá a quenda de réplica ao xerente, que expresa que intentará non estenderse na resposta as distintas cuestións formuladas. Quere comezar facendo un breve recordatorio de como se chegou á situación actual. Expón que se empezou con este proceso por un pedimento do Comité de Empresa de Pontevedra a través de un documento de data 17 de xullo de 2013, asinado por D. Federico Fernández como secretario do Comité de empresa no que se instaba ao inicio dunha RPT e dunha negociación, e iso foi o que se tentou facer ao longo deste período de tempo, no que se celebraron 25 de reunións, si sumamos as de funcionarización.

De seguido retoma o documento que presentou o Comité de Empresa de Pontevedra o 12 de febreiro de 2015, asinado polo seu Presidente naquel intre, que tamén e membro deste Consello de Goberno, no que se recollen as demandas expresadas polos representantes do PAS laboral na Provincia de Pontevedra para chegar a un acordo, xa que supón unha das claves deste procedemento. Proxecta o documento e dá lectura ao seu contido (Anexo XI). Nel se recolle por parte do Comité a necesidade de desenvolver unha RPT que sexa acada no tempo e acordo co novo plan de financiamento do SUG 2015/20120. O xerente explica que dita RPT, ademais de cumprir coas leis e normativas que se mencionan no texto (Convenio Colectivo, Estatutos da UVigo, EBEP, Lei da Función Pública) tamén debe xustarse ao marco financeiro, porque a RPT debe ser aprobada pola Xunta de Galicia a nivel de límite de masa salarial e en canto á configuración dos seus propios postos. Engade que a negociación se levou a cabo con un respecto escrupuloso ás normas. Quere deixar claro que a Universidade de Vigo ten excelentes empregados públicos, tanto funcionarios como laborais e pode garantir que todo o procedemento foi seguido co seu asesoramento e acompañamento e. dende ese punto de vista, está certo de que todo se fixo correctamente.

Prosegue co punto seguinte do documento no que se expón a necesidade de “mellorar na eficacia e na responsabilidade, entendéndoas como a garantía de estabilidade de todas as prazas que están por riba da RPT e polo tanto consideralas como prazas estruturais consolidadas na nova RPT”. O xerente explica que iso se leva a cabo na proposta que se trae a Consello de Goberno, na que no só se consolidan todas as prazas que estaban por enriba da RPT, senón que crea outras. Apunta, en resposta a solicitude de D. Luis Pérez, que despois indicará cales son as 35 prazas.

Continúa avanzando no documento, que recolle a necesidade de “crear as prazas precisas para o desenvolvemento eficaz das novas necesidades previstas para a adaptación ao EEES e poder garantir a calidade”. Expón o xerente que en efecto se crearon prazas, lembra que era o requisito para poder chegar a un acordo.

“Consolidar as prazas denominadas «a extinguir»”. Explica o xerente que son casos moi concretos con vínculos moi específicos e singulares que, mesmo en ocasións son funcionarios en praza de laborais. Estas prazas non se tocaron, seguen igual que estaban porque en ocasións non se poden modificar.

“Determinar as quendas reais de traballo das distintas categorías”. Iso foi o que se fixo, aclara o xerente e engade que incluso, a veces en contra do criterio da CIG, se incorporaron a RPT propostas de outros compañeiros representantes doutros sindicatos, e pon por exemplo a área de deportes. Porque non houbo outra formulación en canto á xornada.

“Asignar de forma eficaz os complementos de responsabilidade de dirección e subdirección” que, engade o xerente, é un acordo asinado con vostedes, coa representación maioritaria do PAS laboral. E eses acordos se establecen porque, reitera, o PAS laboral estaba practicamente todo en categoría básica na súa propia praza. O que se fai nesta proposta é crear unha estrutura similar á que existe no eido funcional, aínda que bastante máis modesta, reconece.

De todos os requirimentos que facía o Comité de Empresa de Pontevedra, xa que explica que o Comité de Ourense non realizou ningún pedimento que lle conste, máis aló do que se recolle nas actas, o único punto que non se aceptou ao cen por cen foi o de “recoñecer a carreira profesional do PAS e a promoción interna horizontal e vertical do PAS laboral” Explica o xerente que se levou a cabo un esforzo moi importante en todas as liñas. A proposta que se presenta fai crecer de xeito moi importante a RPT do Pas Laboral, que se incrementa en 35 prazas. E incrementa a masa salarial da Universidade de Vigo, por este concepto, en máis de 1266.000 euros, pero todos os esforzos teñen un límite, que neste caso o marca o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e non se puideron atender os pedimento de incrementos de niveis ou de cambio de categoría profesional xeneralizados. Entende que o esforzo é moi importante e que temos tempo por diante para chegar a novos acordos e melloras para os traballadores, pero que neste intre o máis importante é consolidar e crear emprego público de calidade, que responda as necesidades actuais e futuras da Universidade.

E este é o resumo da proposta de RPT laboral que se presenta e, continúa o xerente, é duro que, habendo asumido todos eses pedimentos formulados polo Comité de Empresa de Pontevedra, alguén poda dicir non á consolidación dos postos de traballo dos seus compañeiros, non a converter en estruturais as prazas por riba e RPT e non as novas prazas e responsabilidades que se formulan para unha mellor organización do traballo, todo o cal vai redundar nunha mellora para o conxunto da Universidade.

Non se debe confundir o anterior co feito de que as persoas adquiriran a condición de persoal fixo cando superen o correspondente proceso selectivo, que é o que recolle a lei. Ao igual que no caso das listas de agarda, como xa se mencionou aquí, prosigue o xerente, o acceso se produce por orde de prelación.

A continuación, atendendo a petición de D. Luis Perez pasa a detallar cales son as 35 prazas polas que preguntaban antes, proxectando e dando lectura ao listado que se achega como **Anexo XIV**. Salienta novamente a aposta que fai a Universidade polo eido da investigación, innovación e desenvolvemento.

En resposta a quen di que non se crean prazas de técnico medio, apoiándose no documento, informa que na proposta de RPT se consolida a praza do Técnico Medio en Innovación Educativa e se crea a praza de Técnico Medio en Prevención. O representante do PAS laboral Sr. Luis Pérez di que o Técnico Medio en Innovación Educativa antes figuraba no campus de Ourense.

Continúa o xerente expoñendo que se consolidaron as prazas de TE en Bioloxía, en Física, no ámbito tecnolóxico, tamén en audiovisuais e se crea tamén unha praza de AX no conxunto da Universidade, pasando de 96 a 97. O que ten lugar, ao igual que no ámbito dos técnicos especialistas de biblioteca, explica, e unha distribución ou asignación de postos en función das necesidades actuais da Universidade. Como sempre, téntase facer a mellor xestión posible dos recursos públicos que temos ao noso dispor, o cal e responsabilidade de todos nós. Pódense cometer erros, pero esa é a vontade e intentamos facelo ben. E reitera que toda a documentación está nas actas.

Finalizado o debate en torno a RPT do PAS laboral, o reitor dá paso a votación a man alzada. Apróbase a proposta de RPT por 19 votos a favor, 10 en contra e 1 abstención.

Solicitan a constancia expresa do seu voto en contra, o Sr. Xan Cebro e os profesores Rodríguez Berrocal e Reigosa Roger.

5. Aprobación, se procede, da proposta de transferencia de crédito de Gastos de Capital a Gastos Corrente no orzamento do 2016 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Cede o reitor a palabra ao xerente para a presentación do punto.

Expón o xerente que se trata dunha situación singular, xa que, como poden comprobar na documentación que obra en posesión dos membros do Consello de Goberno, consiste en trasladar gastos de capital a gasto corrente. É un modelo de transferencia que necesariamente ten que pasar pola aprobación do Consello de Goberno e posteriormente polo Consello Social. Na documentación achegada pódese verificar os conceptos dos que se trata (unha mellora na Facultade de CCX e do Traballo), e tamén garántese que se acadan os obxectivos que se pretendían con ese gasto tanto no capítulo 6 como no capítulo 2. Propón a aprobación da proposta de transferencia.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da Convocatoria de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de Universidade e profesorado contratado doutor no ano 2016 na Universidade de Vigo.

Antes da presentación deste punto, a secretaria xeral informa de que o investigador do Dpto. de Física D. Ángel Paredes enviou unha solicitude de invitación a intervir con voz pero sen voto no Consello de Goberno neste punto da orde do día, xa que se considera persoa afectada pola decisión que se poda tomar neste punto. Explica que a solicitude foi desestimada, xa que, aínda que en efecto pode ser afectado por este punto, o será na mesma medida que calquera membro da comunidade o pode estar por calquera normativa ou convocatoria que se debata neste CG, e polo tanto podería participar no debate. Polo tanto, indicóuselle como é habitual, que as cuestións que desexe formular deberán seren canalizadas a través dos seus lexítimos representantes no Consello de Goberno. Está presente nesta sesión como público.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Como cada ano, expón a vicerreitora, corresponde facer a convocatoria de prazas de profesorado estable ás que ten dereito a Universidade dende que existe a denominada taxa de reposición.

No ano 2016 corresponden á Universidade de Vigo 21 prazas de profesorado permanente, segundo as normas que aparecen nos orzamentos do estado para o ano 2016, que se poden distribuír entre prazas de profesorado laboral ou funcionario.

Informa a vicerreitora que, este ano introdúcese unha novidade normativa, pola que se poden convocar, sen que contén dentro da taxa de reposición, prazas de catedrático de Universidade de promoción en igual número que as de profesorado funcionario que se convoquen.

Ao igual que en anos anteriores, das 21 prazas totais que se convoquen, un mínimo do 15% deben destinarse a prazas de profesorado laboral destinadas ás persoas que rematasen o contrato dentro do programa "Ramón y Cajal" e conte coa acreditación I3.

A proposta que se presenta, destina 4 das 21 prazas a persoal que fose Ramón y Cajal e 17 aos restantes colectivos, das cales: Oito destínanse a profesorado titular. e as persoas candidatas que poden solicitar a convocatoria pertencen á categoría de contratado doutor permanente. As nove prazas restantes destinaranse a profesorado contratado doutor interino ou a persoas que se atopen dentro do programa denominado de Intensificación Investigadora para Axudantes Doutores. Poderán optar pola convocatoria dunha praza de PCD ou de PTU, en función da súa decisión. Unha vez coñecido o número total de praza para profesorado titular que se convoquen, xerarase un número igual de prazas de cátedras de Universidade na oferta pública de emprego.

Explica a vicerreitora que todas as persoas participantes deben dispoñer da acreditación correspondente e ter cumpridos estes requisitos á data 31 de decembro de 2015. ao igual que ven facendo dende o 2012. e así se recolle na convocatoria que se achega. Nos tres anexos que inclúe a convocatoria, por un erro non figura o requisito de acreditación, que obviamente debe incluírse no documento final. (Anexo XV)

Esta distribución de prazas foi negociada e aprobada na mesa sindical e conta con informe favorable da COAP.

A vicerreitora pasa a dar conta dos criterios de selección propostos:

As catro prazas de profesorado Contratado doutor. para aqueles que teña sido “Ramón y Cajal” serán seleccionadas entre as áreas que teñan unha menor proporción de profesorado permanente/carga docente, respectando que pertencen a ámbitos diferentes se hai solicitudes. As persoas que non se atopen na condición de PCD interino deberán solicitar ao departamento previamente a transformación da súa praza.

As 9 prazas destinadas a PCD ou PTU seleccionaranse atendendo igualmente á menor relación entre profesorado permanente/carga docente. As persoas que non ocupen unha praza interina da categoría correspondente deberán solicitar ao departamento previamente a transformación da súa praza. Convocarase polo menos unha praza por ámbito, e posteriormente garantirase un 15% das prazas para as persoas que, dentro dese grupo de solicitantes, procedan dun dos plans de promoción da Universidade de Vigo.

Para as persoas que procedan da categoría de profesorado axudante doutor manterase o seu campus de adscrición, para as que procedan de plan de promoción o que no seu día foi asignado pola COAP e para os restantes, de ser o caso, será a COAP quen asigne o campus de destino, en función da carga docente.

Para as 8 prazas de profesorado titular, a selección de áreas seguirá o mesmo criterio, a menor proporción de profesorado funcionario respecto da carga docente. Polo menos, convocarase 1 praza por ámbito.

Explica a vicerreitora que, en todos os casos, o cómputo de carga e profesorado realizarase con data de hoxe, e por área, coa excepción das áreas consideradas pequenas (menos de 6 profesores ou profesoras permanentes ou con potencialidade de selo). Indica tamén que neste ano inclúese unha modificación que entendeuse que era máis coherente academicamente, pola cal no caso das áreas pequenas o cómputo realízase no conxunto de áreas agrupadas nas comisións de acreditación establecidas no RD 415/2015, en lugar de facerse no departamento. Este cambio foi introducido porque nalgúns casos a distribución de áreas a departamentos non sigue criterios de afinidade máxima, habendo áreas afíns que non están no mesmo departamento. Valora positivamente o feito de que o criterio de afinidade proposto sexa externo á propia Universidade.

A vicerreitora indica que estes criterios foron negociados na mesa sindical e contaron co apoio de UGT e CIG pero non do resto de representantes, por razóns diferentes en cada caso. Contan con informe favorable da COAP.

Posteriormente á selección de áreas, será necesario que todas as persoas que consigan ese dereito, dentro dos grupos 1 e 2 da convocatoria e non estean nunha praza interina, soliciten do seu departamento a transformación a CDI ou a PTI para poder facer despois a convocatoria das prazas. En consecuencia, solicita do Consello de Goberno que, no caso de aprobarse a convocatoria, se delegue na COAP a selección das áreas, a creación de prazas e proceder á convocatoria das mesmas, para axilizar o procedemento.

Lembra que, unha vez realizada a selección de áreas computarase o número de prazas de profesorado titular e a COAP solicitará a este Consello de Goberno a aprobación dunha Oferta Pública de Emprego que inclúa estas prazas e un número de prazas de CU igual ao de PTU resultante.

Remata a vicerreitora explicando que o feito de ter que facer primeiro un cálculo das prazas e logo a OPE, permite a optimización do número de prazas de funcionario, pero dá lugar a un procedemento máis longo que nos leva a outubro-novembro e hai que publicar a OPE dentro do ano natural. Por esa razón, propónse que o prazo de presentación de solicitudes (que non está escrito na convocatoria achegada) comece o 26 de xullo e remate o 11 de agosto. Aínda que son datas difíciles, entende que estendelo ata setembro nos pon en situación de risco por coincidir coas eleccións autonómicas.

Intervén o profesor Reigosa Roger, destaca que toda a proposta lle parece moi razoable, e que se levou unha negociación correcta. Con todo, gustaríalle que constase o seu voto en contra, polos criterios de selección. Considera que deberíamos mandar o sinal de que é importante que se teñan en conta os méritos que teñen as persoas. Entende que na situación na que nos atopamos, non se vai contemplar esta opción, cando menos nuns anos, pero insiste en que se debe enviar esta mensaxe porque na promoción do profesorado, ademais de criterios de distribución académica, deben contar os méritos persoais. Quere polo tanto que conste o sentido do seu voto, aínda que sexa de maneira testimonial.

O profesor Hixinio González quere que conste a súa abstención. Explica que houbo cousas que se atenderon da solicitude realizada polo colectivo do profesorado CD de programas de promoción. Pero solicitaron un trato igual ao recibido polos profesores Ramón e Cajal, e non se logrou. Por outra parte, o seu colectivo pensa que debe primar a estabilización fronte a promoción. Por último, pide que os criterios que se aproben perduren no tempo, para que o persoal saiba a que aterse e poida programar a súa carreira.

Toma a palabra o Sr. Federico Fernández para expoñer a reclamación do investigador D. Ángel Paredes xa que, como explicou a secretaria xeral, ao serlle denegada a posibilidade de intervir no consello, achegoulle a súa solicitude para que a trasladara aos membros do Consello de Goberno. Dá lectura ao escrito que figura como **Anexo XVI** á presente acta, no que explica que, ao fixar na convocatoria unha data concreta de finalización de contrato RyC, el é o único investigador RyC da convocatoria de 2010 que non podería concorrer a unha praza estable. Polo cal solicita unha modificación dos criterios que aparecen no Anexo I da presente convocatoria.

Finalizadas as intervencións, responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, comezando pola cuestión formulada polo profesor Reigosa: esta convocatoria non recolle só os dereitos de promoción. Convócanse prazas que inclúen a estabilización de contratos aos que tiñan dereito algunhas persoas por un convenio colectivo que está paralizado. Aí non podemos aplicar ningún criterio de mérito, teñen ese dereito. Hai que ir equilibrando as distintas situacións, están os RyC que entrarían no anterior, aos que no seu día gañaron un plan de promoción estamos facéndolles un pequeno guiño, para que non se vaian quedando no fondo da bolsa de xeito permanente.

En relación ao indicado polo profesor Higinio González, reconece que a inclusión do 15% no borrador da vicerreitoría se fixo despois de unha reunión co seu colectivo, xa que o considerou un bo achegamento ás súas posturas e entendeu que esa era a proposta e levouno á mesa de negociación e a COAP e, en ambos órganos entendeuse este guiño. Pero posteriormente a a demanda creceu, xa que non era sobre ese tipo de figura senón sobre o total. Subliña a vicerreitora que este documento é unha solución de compromiso entre as demandas de todos os colectivos que teñen o seus dereitos cercenados dende hai tempo e o compromiso económico que temos forzosamente que atender. O que se intenta e dar un pouco de aire a cada un dos colectivos para que todos vexan que teñen unha vía de saída.

Con respecto ao mantemento dos criterios, unha cousa é que as prazas cambien de tipo, que é algo que pode pasar e tamén é función do número que corresponda cada ano. Outra distinta son os criterios que, con pequenos matices, se manteñen dende hai anos. Estes criterios non teñen nada que ver cos dun plan de promoción que estaba definido para as persoas que non podían acceder por necesidade docente. Agora están todos mesturados porque non temos capacidade de sacar máis prazas permanentes.

Responde a continuación ao Sr. Ángel Paredes aclarando que este criterio de cumprir criterios a 31 de decembro se mantén nas convocatorias de cada ano. Lembra que ao prof. Hixinio González sucedulle o

mesmo por un só día, xunto con outra investigadora. Subliña que os límites son así, non se poden variar cada ano en función dos casos particulares. En todo caso, explica a vicerreitora, o escenario para as persoas que foron RyC é, con diferenza, o mellor de todos. Este ano saen 4 prazas, para o ano que ven, de manterse a situación como a actual (que non se pode saber), pode haber máis prazas para os RyC que candidatos. E nese caso teríamos que tomar algunha decisión que sería aínda máis difícil que as que tomamos este ano.

Propón o reitor a votación desta convocatoria, que resulta aprobada por 22 votos a favor, o voto en contra do profesor Reigosa Roger e a abstención do profesor Higinio González.

O profesor Reigosa propón ao reitor que se interrompa a sesión para continuar despois de comer. Diante da posibilidade de que non se logre quórum, o reitor acorda continuar ata a finalización dos puntos da orde do día.

7. Aprobación, se procede, das propostas de modificación de títulos de grao, máster universitario e doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Indica a vicerreitora que coa convocatoria achegouse un enlace, ás memorias dos títulos de grao máster e doutoramento. Resume brevemente dita documentación. A COAP acordou informar favorablemente sobre as memorias dos dous títulos de grao, que deben adecuarse á normativa de TFG da Universidade de Vigo. Tamén emitiu informe favorable sobre as memorias de títulos de máster con algunhas consideracións. De xeito xeral todas as memorias deben incluír os idiomas español e galego e axustarse á normativa de TFM da Universidade de Vigo. Ademais figuran outras obxeccións concretas para cada máster: engadir táboas de taxas, datos de profesorado, actualizar procedementos de calidade, corrigir táboas académicas, etc. Todo está indicado na documentación que obra no poder dos membros do Consello de Goberno. Isto en referencia aos títulos coordinados pola Universidade de Vigo. En canto aos títulos coordinados por outras Universidades, comenta a vicerreitora que, no Máster en Investigación Química e Química industrial ao ser un título coordinado pola USC presenta algunhas variacións con respecto aos modelos da Universidade de Vigo. Para axustarse a presencialidade máxima, na Universidade de Vigo non se considerarán en POD as titorías que aparecen nas guías docentes. Facendo esta interpretación laxa da normativa pode aprobarse. No caso do Máster en Dirección integrada de proxectos, que coordina a UdC, non podemos avaliar xa que non se dispón da memoria completa, unicamente das modificacións. A vicerreitora solicita a súa aprobación, condicionada a aprobación por parte da UDC como Universidade coordinadora.

Pasa a comentar un caso particular que non está recollido na documentación que é o Máster de Enxeñaría da Construción do que recibimos unha sentenza xudicial que obriga a modificar a súa denominación. Durante uns meses se estivo en negociacións coa coordinadora e a comisión académica do máster e finalmente acordouse unha denominación para o máster, que pode cumprir os requirimentos da sentenza: Xestión e Tecnoloxía de Estructuras e Instalacións. O servizo de Asesoría xurídica recomenda que, por axilidade, en lugar de seguir a vía de modificación a través da vía de "obriga por sentenza xudicial" se tramite como todas as demais solicitudes de modificación, con unha indicación á Xunta de Galicia de que o cambio de nome non implica ningunha modificación máis.

Con respecto aos títulos de doutoramento informa a vicerreitora de que hai tres títulos que se someten a unha verificación. Unha das modificacións é a incorporación da USC a un programa de patrimonio que xa tiñamos en funcionamento. En canto aos outros dous, lembra que xa foron tratados polo miúdo na aprobación da declaración de interese e corresponden a agrupacións de investigadores nos campus de especialización de Ourense e Pontevedra.

Explica que todos estes títulos teñen que ser aprobados polo Consello Social e despois seren remitidos á Xunta de Galicia antes do 1 de agosto, e deben ir acompañados dunha memoria económica, única para o conxunto dos títulos e da que se deixaron copias na sala para a consulta dos membros do Consello. Trátase dunha memoria moi breve, xa que non hai ningún título de nova implantación.

Quere que conste en acta que as memorias que aquí aprobamos con estes cambios, deberán ser adaptadas á forma concreta que esixe o Ministerio no seu aplicativo e que finalmente deberemos introducir as modificacións que a Axencia de Calidade nos indique para poder verificar ou modificar os títulos.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Explica que neste caso trátase dunha pequena modificación que atinxe unicamente ao artigo 3. Introdúcese porque a nosa normativa de programas conxuntos di que non poderán acceder a estudos de simultaneidade, aos dobres graos, os alumnos que xa dispoñen dun dos títulos de grao que compoñen o programa. A nosa normativa indica que, nese caso, se lles anularía a matrícula. O cambio proposto, indicado en cor vermella na documentación, di que non deberían matricularse no Programa conxunto. Pero o certo é, explica a vicerreitora, que non podemos evitar que o fagan, porque a matrícula a realizan a través da CIUG coa súa nota das PAU, e non nos consta ese feito. Por outra banda, se lles anuláramos a matrícula a posteriori, quedarían sen ningunha opción de se poder matricular noutros estudos. Informa de que ten o informe favorable da COAP.

Subliña o reitor que se trata dun erro detectado que impediría que os alumnos puideran cumprir os seus estudos, polo que compe a súa subsanación.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, das memorias de Programas Conxuntos de Estudos Oficiais de Grao: ADE-Dereito e ADE- Informática.

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Expón a vicerreitora que o tratado no punto anterior era o marco xeral para o desenvolvemento dos Programas conxuntos e neste punto se aborda a aprobación das memorias dos tres PCEOS existentes na Universidade de Vigo que deben estar adaptadas á normativa que vimos de aprobar.

Informa de que as memorias están correctas, excepto no caso do PCEO ADE –Dereito que ten dous aspectos a corrixir. En primeiro lugar, transcribía o artigo 3 da normativa cuxa redacción acabamos de modificar e, polo tanto hai que readaptar á memoria a dita redacción. E, en segundo lugar, na disposición final cuarta da memoria se recolle que as prazas do programa de simultaneidade que non se cubran nos chamamentos do mes de xullo reverterán novamente, ao 25%, na oferta de grao en Dereito e ao 75% na oferta de grao en ADE, nos chamamentos do mes de setembro e seguintes, de ser o caso. Explica a vicerreitora que esa cláusula deberá eliminarse, posto que a xestión das prazas non a realiza a Universidade senón que se fai a través da CIUG e non se poden trasladar de uns estudos a outros.

Apróbase a adaptación por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación do departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos pola incorporación da área de coñecemento de Enxeñaría Aeroespacial.

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para a presentación deste punto.

A vicerreitora expón que para poder convocar prazas de profesorado para a docencia no novo título de Enxeñaría Aeroespacial é necesario que a Área de Enxeñaría Aeroespacial exista nalgún dos departamentos da Universidade de Vigo. Este aspecto xa foi comentado en anteriores sesións do Consello de Goberno.

Tras analizar os departamentos que inclúen áreas afíns á considerada, se fíxo unha selección de tres departamentos do ámbito tecnolóxico. Tras falar con eles e valorar cal sería a mellor solución, chegouse ao acordo unánime de que o departamento máis axeitado é o de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos. Temos un escrito do departamento coa solicitude de que a área de Enxeñaría

Aeroespacial se incorpore e pase a ser unha das que forma o dpto. Esta solicitude foi tratada na COAP onde se informou favorablemente e, para continuar co procedemento, debe ser aprobado polo Consello de Goberno e informarse ao Claustro.

Subliña a vicerreitora que non se está a crear a área, xa que está incluída no catálogo de áreas de coñecemento, senón que a incorporamos a un departamento concreto, agrupándoa con outras áreas afíns. Polo tanto, finaliza, a proposta é que se modifique o departamento pola incorporación desta nova área. Unha vez aprobada a modificación, poderá comezar o proceso de contratación de profesorado como nos outros departamentos.

Intervén o profesor Bienvenido Diez para transmitir o temor de que a dotación de profesorado da área que se incorpora a ese departamento consuma prazas da taxa de reposición. Responde o reitor ás inquiredanzas afirmando que as vías de contratación do profesorado serán a través de comisións de servizos, a través da figura de profesorado invitado ou prazas que non computan na taxa de reposición pola transitoria do Real Decreto.

O profesor Diez indica que haberá que seguir a evolución temporal deste proceso, ao que o reitor responde que por suposto, se co paso do tempo, hai que convocar algunha praza que compute na taxa de reposición, terá que ser analizado e debatido na mesa de negociación e na COAP, como todas as demais.

Insiste o profesor Diez en que todos comprenden as necesidades de dotación de persoal para estas novas titulacións, pero que esa contratación entra en conflito cos dereitos adquiridos dos profesores que están con dificultades coñecidas de estabilización.

Repite o reitor que os procedementos de captación de talento e de profesorado para esa área van transcorrer por procedementos que non consumen taxa de reposición. Máis adiante, cando a titulación estea estabilizada, entrarán na negociación que temos todos os anos, como os demais profesores. Manifesta o seu desexo de que para entón non teñamos xa taxa de reposición.

Apróbase por asentimento

11 Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo, convocatoria 2016

O reitor cede a palabra á vicerreitora de investigación e transferencia.

Introduce a vicerreitora este punto afirmando que a promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos é un dos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo.

Explica que os programas competitivos nacionais e autonómicos de contratación de persoal posdoutoral foron, e seguen a ser, fundamentais para a incorporación de investigadores e investigadoras novas, cuxa contribución ao progreso do I+D+i desenvolvido na nosa institución é indubidable. Con todo, prosegue a vicerreitora, a conxuntura económica actual e as limitacións impostas pola lexislación vixente dificultan moito a posible continuidade deste persoal investigador na nosa Universidade.

Por iso, en 2015 foi aprobada a primeira convocatoria do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo, do cal sométese hoxe a aprobación a segunda edición.

Expón a vicerreitora que, na presente convocatoria, mantéñense en esencia o contido e os requisitos da anterior. Nesta ocasión convócanse 4 contratos de 3 anos de duración, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de investigador distinguido prevista no artigo 23 da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Establécese como requisito ter sido persoal investigador Ramón y Cajal ou Isidro Parga Pondal das convocatorias 2010 ou 2011 na Universidade de Vigo, con data de finalización de contrato entre xullo de 2016 e xuño de 2017, e dispoñer da acreditación ANECA como profesorado titular de Universidade ou, de non ter superado a acreditación, ter acadado un mínimo de 40 puntos no apartado de investigación na resolución negativa.

Para rematar, a vicerreitora indica que o colectivo de contratados posdoctorais RyC e IPP que poderían estar afectados pola presente convocatoria foi debidamente informado da mesma. Finaliza informando de

que a presente convocatoria foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación de 1 de xullo de 2016.

Engade o reitor que é vontade da Universidade continuar con esta ferramenta que permite reter o talento dos nosos investigadores.

Non habendo intervencións, apróbase por asentimento a convocatoria 2016 deste programa.

12. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor, convocatoria 2016.

Lembra o reitor que este Programa comezou na Universidade para dar saída ao profesorado axudante doutor que remataba o seu contrato, mentres exista o estrangulamento da taxa de reposición. Cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Presenta esta convocatoria recordando que en xullo de 2015 aprobárase a primeira convocatoria deste Programa para a contratación de persoal postdoutoral, que está dirixido a intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor, facilitando o desenvolvemento dun proxecto de investigación básica que permita consolidar a súa experiencia profesional.

Polo tanto, di a vicerreitora hoxe sometemos á aprobación do Consello de Goberno a segunda edición deste programa, na que se mantén o contido e requisitos da convocatoria anterior. convocándose nesta ocasión 12 contratos de 2 anos de duración, prorrogables por períodos anuais ata un máximo de 5, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade prevista no artigo 22 da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Establécese como requisito a vinculación á Universidade de Vigo durante o curso 2015/2016 baixo a figura de profesorado axudante doutor, con data de finalización de contrato durante o curso 2016/2017 sen posibilidade de prórroga, e dispoñer da acreditación como profesorado contratado doutor.

Para rematar, indica que se informou ao colectivo de axudantes doutores que poderían estar afectados. e que esta convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación. na sesión de 1 de xullo de 2016, ao igual que a convocatoria do punto anterior.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora destaca ao inicio deste punto que a investigación e a transferencia de coñecemento son elementos chave da actividade da Universidade, e que a utilización de métodos axeitados de avaliación constitúe unha ferramenta para a súa incentivación, así como para a definición e fortalecemento das liñas estratéxicas da institución.

Lembra que o sistema formulado na Universidade de Vigo para a avaliación destas actividades baséase en dous tipos de indicadores, complementarios entre si: a produción de investigación e a produción de transferencia.

Hoxe se presentan os criterios de avaliación da produción de investigación, explica a vicerreitora, que serán aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015. Mantense o esquema xeral dos criterios utilizados en edicións anteriores, considerando a avaliación de 4 tipos de contribucións: libros, revistas, teses de doutoramento e publicacións derivadas de congresos.

Subliña que se manteñen en esencia os criterios da edición anterior, coa introdución dunha pequena medida incentivadora da publicación en revistas JCR do primeiro cuartil, aspecto moi importante para o posicionamento e avaliación da Universidade, así como algunha aclaración no apartado de publicacións derivadas de congresos.

A vicerreitora remata a presentación especificando que estes criterios foron aprobados por unanimidade en Comisión de Investigación de 18 de xullo de 2016.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Presenta a vicerreitora este punto que constitúe a segunda parte dos indicadores de avaliación que se empregan na Universidade de Vigo e que conxuntamente cos aprobados no punto anterior constitúen o sistema que vimos empregando para incentivar estas actividades de investigación e transferencia de coñecemento.

Indica que os criterios de avaliación da produción de transferencia que se presentan e someten a aprobación neste punto serán aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2015. Tamén neste caso mantense o esquema xeral de avaliación da edición anterior, considerando os elementos máis significativos da actividade de transferencia desde unha perspectiva de calidade e excelencia, e tendo en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento.

Neste caso, son nove os tipos de contribucións que se consideran: 1) Proxectos, colaboracións e convenios con empresas, 2) Contratos de licenza, 3) Propiedade industrial, 4) Creación de empresas de base tecnolóxica (EBTs), 5) Resultados da creación artística, 6) Creación literaria, 7) Software libre e Open source, 8) Actividades promocionais, e 9) Actividades de Transferencia Social, cultural e educativa.

Como é habitual, a vicerreitora informa de que estes criterios foron aprobados por unanimidade na sesión do 18 de xullo de 2016 da Comisión de Investigación.

Apróbase por asentimento

15. Aprobación, se procede, da convocatoria dunha liña de incentivos para a implantación de plans de internacionalización nos centros.

Antes de ceder a palabra ao vicerreitor de extensión universitaria e relacións internacionais para a presentación desta convocatoria, o reitor subliña a novidade da mesma e manifesta que, despois de seis anos de dar pequenos pasos no plan de internacionalización, por fin estamos en condicións de poder ofertar esta liña de incentivos. Para poder chegar aquí houbo que superando as etapas previas, que se levaron a cabo de xeito lento pero seguro. Comenta que non ten sentido lanzarse a ofertar títulos en inglés para captar alumnos se non se pode facer con garantías, xa que se acaba volvendo contra a Universidade, como xa está pasándolle a algunhas.

Podemos chegar aquí porque antes se fixo un gran esforzo en profesionalizar, potenciar e acreditar o Centro de Linguas da Universidade, algo que resulta fundamental neste proceso. O CdL da nosa Universidade é o único en Galicia que emite títulos acreditados para todos os países do mundo.

Posteriormente, lembra o reitor, iniciouse un sistema innovador de acreditación da capacidade docente en inglés do profesorado, o programa de acreditación ELA. Este método é recoñecido e aplaudido mesmo pola Universidade de Cambridge, e mesmo está a ser exportado a outras universidades. A implantación deste sistema permítenos ter unha cohorte de profesores acreditados na docencia en inglés suficiente para poder o paso seguinte, que é este plan dirixido aos centros. Destaca que nel, os recoñecementos que se aplican para compensar o esforzo na docencia en inglés, pola implantación de grupos ou itinerarios en inglés, se retira do debate dos POD. Confiamos en que este plan supoña un salto cuantitativo importante, con incrementos paulatinos cada ano.

Cede a palabra ao vicerreitor de extensión universitaria e relacións internacionais, quen destaca que a intención do plan é artellar nunha oferta ben organizada, cunha estratexia clara, eses pasos que se foron dando estes últimos anos.

A idea básica é facer unha convocatoria para que os centros que o desexen poidan presentar planes de internacionalización. Tendo en conta as diferentes situacións de partida de cada centro dentro da nosa Universidade, podemos identificar tres escenarios ou modalidades diferentes:

1. Aquelas titulacións que estean en condicións de implantar liñas completas nunha lingua estranxeira no horizonte do ano 2020.

2. As titulacións que poidan definir unha oferta en linguas estranxeiras que, aínda que non poida cubrir unha liña completa dunha titulación, estaría convenientemente estruturada e tería o atractivo suficiente para conseguir o estudantado estranxeiro e contribuir de xeito relevante á internacionalización do alumnado propio.

3. As titulacións que, polas súas características, centrarian as súas estratexias de internacionalización na mellora da mobilidade internacional e na extensión da súa rede de parceiros internacionais, así como as iniciativas para desenvolver con eles. O vicerreitor pon como exemplo as titulacións vencelladas á lingua galega ou española non ten sentido impartilas en inglés, polo que poderían acollerse a esta modalidade.

O establecemento dos incentivos se centran en canalizar os esforzos que realiza a Universidade en internacionalización para darlle pulo as ofertas estruturadas de acordo con este plan. Propóñense diversas medidas:

1. Priorizar o profesorado e o PAS participante nos plans de internacionalización seleccionados no acceso aos programas de mobilidade da Universidade de Vigo ou xestionados por ela.

2. Priorizar o profesorado e o PAS participante nos plans de internacionalización seleccionados nas accións formativas en materia de idiomas estranxeiros para o colectivo correspondente, organizadas pola Universidade de Vigo ou a súa Fundación.

3. A ORI promoverá un programa de bolsas para a formación en internacionalización ou comunicación e mercadotecnia dirixida a estudantes de grao e de mestrado, para a súa adscrición aos centros con plans de internacionalización seleccionados.

4. A ORI xestionará a oferta de bolsas de mobilidade de prácticas dirixidas a estudantes estranxeiros ao abeiro de programas internacionais de intercambio que propoñan os centros nos seus plans. As citadas bolsas poderán propoñerse unicamente nos ámbitos das relacións internacionais ou da comunicación e da mercadotecnia, e nunca para a realización de tarefas docentes.

5. Para as modalidades que supoñen unha oferta de docencia en inglés, poderase autorizar unha bolsa de horas que permita unha planificación a longo prazo, e poder definir esa oferta en linguas estranxeiras. Deste xeito, como dixo o reitor, quérese sacar o plan de internacionalización da discusión da PDA.

Finaliza o vicerreitor indicando que os detalles da convocatoria se encontran na documentación achegada coa convocatoria.

Apróbase por asentimento

16. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición interposto polo Director do Departamento de Enxeñaría Eléctrica contra o acordo do Consello de Goberno do 15/04/2016 onde se aproba a programación docente anual (PDA) do curso 2016/2017.

Cede a palabra o reitor á secretaria xeral.

Antes de dar paso á presentación do punto, indica a secretaria xeral que foi invitado a participar neste punto o profesor que presenta o recurso, D. Antonio Fernández Otero que na actualidade xa non ocupa o posto de director do departamento. Non pode asistir por estar nunha estada fora da Universidade. Igualmente, están de viaxe o actual director e o secretario do departamento de Enxeñaría Eléctrica, aos que se trasladou a invitación.

A secretaria xeral indica que o 12 de maio de 2016, D. Antonio Fernández Otero, director do Departamento de Enxeñaría Eléctrica nese momento, presentou este recurso contra un punto da PDA 2016/17 que foi aprobada no Consello de Goberno do 15/04/2016. Concretamente: a asignación da docencia da materia Electrotecnia do Grao de Enxeñaría Agraria ao Departamento de Enxeñaría Química.

Para centrar este recurso a secretaria xeral, lembra os criterios de elaboración da Programación Docente Anual das titulacións de Grao, Máster e Doutoramento que foi aprobada na sesión do 12 de febreiro de

2016 do Consello de Goberno, dando lectura aos relativos ás titulacións de grao, que son os de aplicación neste caso.

Prosigue establecendo a secuencia de actuacións que tiveron lugar na elaboración da PDA do Grao de Enxeñaría Agraria.

- No curso 2015/16 a docencia da materia de “*Electrotecnia*” do Grao de Enxeñaría Agraria fora asignada pola Facultade de Ciencias de Ourense ao Departamento de Enxeñaría Química e impartida polo mesmo. Sen que conste ningún aspecto negativo derivado da impartición desa docencia.
- Na PDA do curso 2016/2017 a Xunta de Facultade de Ciencias aprobou volver a realizar a mesma adscrición da materia.
- Consonte as normas de elaboración da PDA do presente curso, o Departamento de Enxeñaría Eléctrica solicitou a adscrición desta materia, alegando maior afinidade da materia.
- A COAP, tendo en conta a xustificación académica achegada polo Departamento de Enxeñaría Eléctrica acordou que a materia de “*Electrotecnia*” debería ser asignada a dito departamento para o curso 2016/17, co compromiso de non supoñer a contratación de profesorado, debido á folgura que se prevía no Campus de Vigo. No caso de que o Departamento non asumira este compromiso, a materia quedaría asignada ao Departamento de Enxeñaría Química, tal como acordara a Xunta de Centro. O departamento debía enviar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado este compromiso de asumir a materia sen contratación de profesorado para ser analizado novamente pola COAP antes da súa remisión ao Consello de Goberno. Este acordo foi comunicado pola vicerreitora de Organización Académica e profesorado ao Departamento de Enxeñaría Eléctrica e ao Decano da Facultade
- O Director do Departamento de Enxeñaría Eléctrica remitiu á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, con data 7 e 8 de abril, a aceptación do encargo de docencia da materia “*Electrotecnia*” sen contratación, sempre e cando o Departamento tivese folgura suficiente no Campus de Vigo.
- Na sesión do 12 de abril, a COAP constatou que non existía folgura no Departamento de Enxeñaría Eléctrica e, polo tanto, acordou manter a adscrición da materia ao departamento de Enxeñaría Química, tal como acordara a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense.
- E esta adscrición foi a que constaba na PDA do Grao de Enxeñaría Agraria aprobada no Consello de Goberno

Finaliza a secretaria xeral referindo que no informe emitido polo servizo de Asesoría Xurídica queda claro que, baixo a perspectiva xurídica, o acordo tomado, corresponde á autoorganización da Universidade, que se configura como unha potestade discrecional que, de acordo co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992 debe estar motivado. Tras a análise das actuacións levadas, que se axustan á normativa aprobada, e as motivacións que concorren, se considera que a decisión tomada está correctamente fundamentada, procedendo polo tanto a desestimación do recurso.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

17. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral.

A secretaria xeral lembra que o día 27 de marzo de 2015 o Consello de Goberno da Universidade de Vigo acordou o inicio do expediente de creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Tras recibir o informe favorable do Claustro Universitario, en sesión celebrada o día 1 de xullo de 2015, a creación deste centro foi aprobada polo Consello de Goberno o día 17 de xullo e ratificada polo Consello Social da Universidade o día 23 de xullo.

Nesta Escola comezará a impartirse a titulación de Grao de Enxeñaría Aeroespacial no curso 2016/2017, polo que se fai necesario un órgano de xestión que permita a organización do inicio da docencia de conformidade cos plans de estudo e coa normativa da Universidade. En todos os centros da Universidade ese órgano de xestión é a xunta de centro que, segundo o artigo 42 dos Estatutos, é o órgano colexiado de representación e de decisión do centro e estará composta polo equipo decanal ou directivo, unha representación do profesorado, unha representación do estudantado e unha representación do PAS.

Continúa referindo que diante da imposibilidade de constituír a Xunta de Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, por non haber estudantes ata que comece a impartirse a titulación de Grao en Enxeñaría Aeroespacial, o día 16 de maio de 2016 ditouse unha Resolución Reitoral na que se resolvía que, de xeito excepcional, a Xunta de Titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial asumira as competencias que os Estatutos da Universidade de Vigo e demais lexislación vixente, atribúen á Xunta de Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, ata que esta poida constituírse.

De acordo co artigo 25 dos Estatutos da UVIGO, os órganos colexiados elaborarán e aprobarán a proposta do seu regulamento réxime interno, sendo competencia do Consello de Goberno a súa aprobación. Explica a secretaria xeral que o regulamento que se trae a aprobación nesta sesión foi redactado e modificado de acordo co informe da Asesoría Xurídica e aprobado pola Xunta de Titulación. Engade que, como se pode comprobar na documentación adxunta, é un documento moi completo redactado de xeito que, en canto poda constituírse a correspondente xunta de centro, o regulamento poda ser adaptado con facilidade.

Apróbase por asentimento

18. Aprobación, se procede, da aceptación pola Universidade de Vigo da cesión polo Consorcio da Zona Franca de Vigo dos dereitos de superficie sobre dúas fincas na antiga sede da ETEA.

O reitor lembra que leva informando de este tema en sucesivos CG, nesta sesión preséntase este trámite de aceptación. Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

O vicerreitor informa que estaba previsto que no Pleno do consorcio da Zona Franca de Vigo de antonte se aprobara a cesión dos dereitos de uso das fincas da antiga ETEA, pero finalmente non foi así, pero agardamos que na próxima convocatoria dese pleno que está prevista para mediados de agosto. Se nesta sesión aprobamos a aceptación deses dereitos, a próxima semana levarase ao pleno do Consello Social e, deste xeito, quedaremos á espera de que o Consorcio da ZFV realmente aprrobe a cesión. E xa teremos o trámite adiantado

Apróbase por asentimento.

19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Uberlândia* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Uberlândia* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Golfo de México/Rectoría Centro* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Golfo de México /Rectoría Centro (Mexico)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a *Universidad Autónoma del Estado de Morelos, México* e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

20. Rogos e preguntas.

O reitor abre unha rolda de intervencións, na que solicitan participar os representantes do estudantado Ernesto Vázquez-Rey e Diego Rodríguez Varela, e os profesores Bienvenido Díez e X. Carlos Álvarez Villamarín.

O Sr. Ernesto Vázquez-Rey dá lectura a un escrito no que formula á vicerreitora de Estudantes unha dúbida respecto á matrícula para o curso 2016/17 nos casos de simultaneidade de estudos entre esta Universidade e calquera outra do SUG ou de outro sistema. Dito escrito se incorpora ao **Anexo XVII** desta acta. Nel se formula a dúbida de se un estudante pode matricularse a tempo parcial en estudos da UVigo porque cursa a tempo completo outros estudos noutra Universidade. Propón a ampliación da instrución da vicerreitoría para contemplar este caso ou, considerando que a Normativa de Permanencia está suspendida, se asuma posibilidade de simultaneidade de estudos que indica.

A vicerreitora de Estudantes responde indicando que a normativa de permanencia non está suspendida. É certo que hai unha nova normativa que foi negociada co alumnado, e xa pasou todo o proceso de revisión e debate co persoal dos servizos e as persoas que ocupan os decanatos e direccións dos centros, e pronto comezará o trámite en Claustro, Consello de Goberno, etc. pero iso non quere dicir que a anterior estea suspendida. Cada ano se dita unha instrución de aplicación coa que se intenta facilitar a matrícula ao alumnado que estea nos casos nos que se detectaron especiais dificultades. A última instrución efectivamente non amplía os supostos que permiten a matrícula a tempo parcial, pero si as condicións, pois amplía o prazo de solicitude de condición de tempo parcial ata o comezo do 2º cuatrimestre se xurde algunha circunstancia especial como un contrato de traballo.

É certo que a nova normativa contempla outros posibles supostos que a comisión académica de cada centro poida considerar xustificables, pero estar estudando a tempo completo noutra Universidade tampouco se contempla entre as causas para permitir a matrícula a tempo parcial na Uvigo. A vicerreitora remata a súa intervención dicindo que non lle consta que houbera no pasado nin haxa agora mesmo ningunha petición neste sentido.

Intervén o reitor para indicar que a solicitude será estudiada para ver se pode ser atendida. Cede a palabra a Diego Rodríguez que quere trasladar un conxunto de preguntas acerca da nova titulación de Enxeñaría Aeroespacial que se comezará a impartir no curso 16/17 no campus de Ourense. Destaca inicialmente o seu respecto aos membros PDI desta universidade dos distintos departamentos que impartirán docencia alí. Avisa a súa desconformidade pola non existencia dun edificio propio para a docencia desta titulación, con todos os prexuízos aos estudantes que se están a matricular no citado grao. Pregunta cando e como vaise solucionar. Incide tamén en que nos presupostos da Universidade de Vigo non se contempla a dotación económica para dita titulación, polo que inquire como se van asumir os gastos derivados da mesma.

Continúa amosando a súa preocupación en relación ao Plan de Acción Titorial, xa que considera que a presenza de persoal experto na área aeroespacial é case testemuñal. A este respecto pregunta como se dará a orientación axeitada, dende a perspectiva dun enxeñeiro desta rama. aos novos. Finaliza cuestionando acerca dun aspecto máis intanxible, como é a reputación da titulación a tres ou catro anos vista, cando os alumnos que entran agora empece a percibir as dificultades anteriores, e pregunta se o reitor sabe como repercutirá na imaxe da Universidade de Vigo cando a calidade e reputación desta titulación se poida poñer en entredito.

Agradece o reitor a intervención e manifesta que entende a preocupación que pode ter o estudantado pero indica que a implantación das titulacións se realiza sempre paso a paso. Na administración pública, non se pode ter un centro totalmente preparado á espera de que cheguen os alumnos. Esta incorporación paulatina aconteceu na orixe de Industriais, en Teleco, en Minas, é o habitual. O que si é necesario facer cada ano é ir proveendo das necesidades materiais e humanas acaídas para este centro.

Para iso, prosegue o reitor hai un plan que aprobamos aquí, cunha memoria económica e unha planificación académica e unha planificación para a captación de recursos. Por iso, o primeiro encargo que se lle deu a dirección foi o plan de necesidades de infraestruturas para os laboratorios novos que temos que construír. Temos unha actuación definida para todas as necesidades de primeiro, di o reitor. Neste curso a tipoloxía das materias fai que se poidan cubrir a docencia sen dificultade co profesorado propio .

O feito de aprobar hoxe a incorporación da área de Enxeñaría aeroespacial a un departamento é porque xa estamos realizando os contactos para traer profesorado deste área baixo as figuras de profesor visitante,

comisión de servizos. Nun futuro, e cumprindo a normativa de prazas da Universidade poderán ir convocándose concursos de prazas e poderá ir incorporándose novo profesorado.

A nivel de infraestruturas hai unha ordenación feita xa no campus de Ourense, xa hai un novo director de área que está a traballar na planificación de todas as estruturas en colaboración con Ciencias e Informática. Estase establecendo a adscrición do edificio antigo de Física á esta titulación. Polo tanto xa empezarán con espazo nun edificio, e se está planificando a instalación dos novos laboratorios. Este estudio xa está case listo, e estamos conveniando coa Xunta de Galicia a chegada da dotación para todas esas infraestruturas, para convocar os concursos e que os laboratorios novos estean operativos para o 17/18. En resumo, temos todas as necesidades cubertas de primeiro e practicamente pechadas as de segundo. Cando teñamos todas estas necesidades cubertas, será o momento, de comezar a pensar coa xunta de centro, na solicitude de orzamentos finalistas de fondos de desenvolvemento rexional para un novo edificio.

Comenta o reitor que non pode figurar no orzamento un epígrafe concreto porque non aínda non existe o centro formalmente, pero si existe un plano de desenvolvemento e se está facendo cargo de esas necesidades o orzamento xeral da Universidade, xunto coa captación de recursos que se están a facer dende a institución. Irase informando a medida que se vaia avanzando nese desenvolvemento. Reitera unha vez máis o reitor, que estas condicións de nacemento son mellores que as de ningún outro centro da Universidade: non había ningunha garantía cando se implantaba unha titulación e había moita improvisación. Neste caso hai unha planificación que permite dar garantías aos estudantes que empezan. Esa planificación nos levará a un novo edificio pero a medio prazo.

Agradece novamente a preocupación e o interese, e pide que fagan chegar as dificultades que consideren que existen para ilas solucionando.

Cede a palabra ao profesor Bienvenido Diez, quen expón a preocupación polo programa Docentia. Por elo pide como representante sindical si poden recibir información o máis precisa posible para saber como foron os resultados, xa que circula información pouco clara.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para precisar que os resultados son aínda provisionais, polo que podemos agardar aos definitivos xa que estima que vai a haber moitas reclamacións, porque a maior parte do profesorado foi avaliado sen que fora consciente de que o estaba sendo porque non había que presentar nada, xa que o procedemento é automático, salvo que se acheguen méritos adicionais. Indica que, a pesar de que a convocatoria foi publicada e enviada por todos os medios, hai moita xente que non se decatou. Por iso agora hai persoas que están achegando méritos que poden complementar e mellorar a avaliación. Por iso, considera que o acaído é agardar a ter os resultados definitivos, cos que elaborárase un informe que se presentará na comisión de calidade. En todo caso, continúa a vicerreitora, é necesario entender que é unha obriga e que é un proceso que nos autorizaron por dous anos porque está sometido a plan de mellora. Lembra que na UdC xa levan sete modificacións do manual, na USC está parado. Reitera que é un proceso sometido a avaliación permanente.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín que quer trasladar o malestar do profesorado da Facultade de Economía ao ver ao noso reitor nun acto de gradación dunha titulación privada, antes que nos de outros actos dos centros da Universidade Pública. Engade que el persoalmente é máis comprensivo e entende a obriga protocolaria que se pode derivar da asistencia ao acto do presidente da Xunta de Galicia. Aínda que é cuestionable que o presidente da xunta só acuda a un acto de gradación no sistema universitario galego e sexa o de ABANCA.

O reitor indica que non tiña outro acto de gradación que coincidira nesa data, e non podía declinar a invitación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 16:15 h do día 22 de xullo de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.


O reitor
Salustiano Mato de la Iglesia


A secretaria xeral
Gloria M. Pena Uris